



PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULAN OS ACCESOS NAS ESTRADAS DE GALICIA E NAS SÚAS VÍAS DE SERVIZO

Índice

Índice	1
Exposición de motivos.....	8
Título I. Disposicións xerais.....	9
Capítulo I. Obxecto, ámbito de aplicación e competencias.....	9
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	9
Artigo 2. Competencias.....	9
Artigo 3. Criterios xerais.....	10
Capítulo II. Definicións.....	10
Artigo 4. Estradas.....	10
Artigo 5. Vías de servizo.....	10
Artigo 6. Vías colectoras-distribuidoras.....	10
Artigo 7. Accesos e conexións.....	11
Artigo 8. Ramais.....	11
Artigo 9. Instalacións de servizos.....	11
Artigo 10. Actuacións urbanísticas.....	12
Artigo 11. Vías urbanas e camiños públicos.....	12
Artigo 12. Solo urbano e treitos urbanos.....	12
Artigo 13. Prohibición de accesos.....	13
Artigo 14. Distancias de parada e de cruce.....	13
Artigo 15. Cruces e xiros á esquerda.....	15
Título II. Accesos ás vías de altas prestacións.....	20
Artigo 16. Limitación de accesos.....	20



Artigo 17.	Autorizacións de acceso a vías de altas prestacións.....	21
Título III.	Accesos ás estradas convencionais e vías de servizo.....	21
Capítulo I.	Características e deseño dos elementos de trazado.....	21
Artigo 18.	Sección característica.....	21
Artigo 19.	Características xerais dos elementos de trazado.....	22
Artigo 20.	Carrís de cambio de velocidade.....	22
Artigo 21.	Cuñas de cambio de velocidade.....	24
Artigo 22.	Carrís centrais de espera.....	24
Capítulo II.	Actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos.....	25
Artigo 23.	Ámbito de aplicación.....	25
Artigo 24.	Limitacións comúns.....	25
Artigo 25.	Distancias de seguridade en estradas convencionais.....	26
Artigo 26.	Distancias de seguridade en vías de servizo.....	28
Artigo 27.	Disposición dos accesos.....	29
Artigo 28.	Trazado en planta e alzado.....	29
Artigo 29.	Sección transversal.....	30
Artigo 30.	Drenaxe.....	30
Artigo 31.	Firmes.....	31
Artigo 32.	Iluminación.....	31
Artigo 33.	Sistemas de contención.....	31
Artigo 34.	Sinalización.....	31
Artigo 35.	Reposición de accesos.....	31
Capítulo III.	Instalacións de servizo.....	31
Artigo 36.	Ámbito de aplicación.....	31
Artigo 37.	Limitacións comúns.....	32



Artigo 38.	Distancias de seguridade en estradas convencionais.....	32
Artigo 39.	Distancias de seguridade en vías de servizo.....	34
Artigo 40.	Disposición dos accesos.....	35
Artigo 41.	Trazado en planta e alzado.....	37
Artigo 42.	Illa de separación.....	37
Artigo 43.	Drenaxe.....	38
Artigo 44.	Firmes.....	38
Artigo 45.	Iluminación.....	38
Artigo 46.	Sistemas de contención.....	38
Artigo 47.	Sinalización.....	39
Artigo 48.	Reposición de accesos.....	39
Artigo 49.	Publicidade.....	39
Capítulo IV.	Vivendas unifamiliares e predios agrícolas.....	39
Artigo 50.	Ámbito de aplicación.....	39
Artigo 51.	Limitacións.....	39
Artigo 52.	Trazado en planta e alzado.....	40
Artigo 53.	Sección transversal.....	41
Artigo 54.	Portas e cambio de sentido.....	41
Artigo 55.	Drenaxe.....	41
Artigo 56.	Firmes.....	42
Artigo 57.	Sinalización.....	42
Capítulo V.	Outras propiedades.....	42
Artigo 58.	Ámbito de aplicación.....	42
Artigo 59.	Limitacións.....	42
Artigo 60.	Disposición dos accesos.....	44



Artigo 61.	Trazado en planta e alzado.....	45
Artigo 62.	Sección transversal.....	46
Artigo 63.	Portas e cambio de sentido.....	46
Artigo 64.	Drenaxe.....	46
Artigo 65.	Firmes.....	47
Artigo 66.	Sinalización.....	47
Título IV.	Vías de servizo.....	47
Capítulo I.	Condicións xerais.....	47
Artigo 67.	Consideración e clasificación das vías de servizo.....	47
Artigo 68.	Vías de servizo nos estudos e proxectos de estradas.....	47
Artigo 69.	Contribucións especiais.....	48
Artigo 70.	Carácter demanial das vías de servizo.....	48
Artigo 71.	Zonas de protección e liña límite de edificación.....	48
Artigo 72.	Planificación, proxección, construción e explotación.....	48
Artigo 73.	Obxecto das vías de servizo.....	49
Capítulo II.	Características e deseño.....	49
Artigo 74.	Trazado.....	49
Artigo 75.	Sección transversal.....	50
Artigo 76.	Gálibo.....	50
Artigo 77.	Drenaxe.....	50
Artigo 78.	Firmes.....	51
Artigo 79.	Sistemas de contención.....	51
Artigo 80.	Sinalización.....	51
Artigo 81.	Pantalla antideslumeamento.....	52
Capítulo III.	Conexións coas estradas.....	52



Artigo 82.	Consideración como conexións.....	52
Sección 1ª.	Conexións con vías de altas prestacións.....	52
Artigo 83.	Criterios de conexión con autoestradas.....	52
Artigo 84.	Criterios de conexión con autovías e vías para automóviles.....	52
Artigo 85.	Distancias de seguridade.....	52
Artigo 86.	Características das conexións.....	53
Sección 2ª.	Conexión con estradas convencionais.....	53
Artigo 87.	Criterios de conexión con estradas convencionais.....	53
Artigo 88.	Distancias de seguridade entre conexións das vías de servizo.....	53
Artigo 89.	Características das conexións das vías de servizo.....	54
Título V.	Tramitación administrativa.....	54
Capítulo I.	Procedemento de tramitación e efectos das autorizacións.....	54
Artigo 90.	Réxime xeral.....	54
Artigo 91.	Tramitación.....	55
Artigo 92.	Reservas e precariedade.....	55
Artigo 93.	Efectividade e transmisibilidade.....	56
Artigo 94.	Execución e control.....	56
Artigo 95.	Responsabilidade e risco derivado.....	57
Artigo 96.	Taxas.....	58
Artigo 97.	Garantías.....	58
Artigo 98.	Compatibilidade na utilización de accesos.....	58
Artigo 99.	Variación de usos ou características.....	58
Artigo 100.	Conservación e mantemento.....	58
Artigo 101.	Prohibicións.....	59
Artigo 102.	Suspensión ou modificación de autorizacións.....	59



Artigo 103. Infraccións e sancións.....	60
Capítulo II. Proxectos de accesos.....	60
Artigo 104. Contido do proxecto.....	60
Artigo 105. Actuacións previstas.....	61
Artigo 106. Documentos do proxecto de acceso.....	61
Capítulo III. Consultas previas e informes sobre planeamento urbanístico.....	62
Artigo 107. Consulta previa sobre viabilidade de autorizacións.....	62
Artigo 108. Informes sobre accesos en planeamento urbanístico.....	62
Disposicións transitorias.....	62
Disposición transitoria primeira. Autorizacións vixentes.....	62
Disposición transitoria segunda. Procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Orde.....	63
Disposición derogatoria.....	63
Disposición derogatoria única. Cláusula derogatoria.....	63
Disposición final.....	63
Disposición final única. Entrada en vigor.....	63
Anexo I: Esquema resume da estrutura da Orde.....	64
Anexo II: Táboas resume de visibilidades de parada e de cruce.....	65
Anexo III: Táboa resume da disposición dos accesos.....	66
Anexo IV: Táboas resume das dimensións dos elementos dos accesos.....	67
Anexo V: Táboa resume das distancias de seguridade entre accesos, en treitos non urbanos.....	68
Figura 1: Carril de aceleración.....	70
Figura 2: Carril de deceleración.....	71
Figura 3: Cuñas de cambio de velocidade.....	72
Figura 4: Carril central de espera.....	73



Figura 5: Distancias de seguridade con conexións ou accesos en estradas convencionais, en treitos non urbanos.....	74
Figura 6: Distancias de seguridade con obras especiais en estradas convencionais (I).....	75
Figura 7: Distancias de seguridade con obras especiais en estradas convencionais (II).....	76
Figura 8: Distancias de seguridade con conexións e outros accesos en vías de servizo.....	77
Figura 9: Distancias de seguridade con obras especiais en vías de servizo (I).....	78
Figura 10: Distancias de seguridade con obras especiais en vías de servizo (II).....	79
Figura 11: Limitacións pola presenza de pasos de peóns ou semáforos.....	80
Figura 12: Acceso a instalación de servizo con carrís de cambio de velocidade.....	81
Figura 13: Acceso a instalación de servizo con cuñas de cambio de velocidade.....	82
Figura 14: Acceso a instalación de servizo sen carrís nin cuñas de cambio de velocidade.....	83
Figura 15: Radio de xiro en accesos a instalacións de servizo con xiro á esquerda.....	84
Figura 16: Acceso a vivendas unifamiliares mediante cuneta rebasable.....	85
Figura 17: Acceso a vivendas unifamiliares mediante conducción.....	86
Figura 18: Acceso a predios agrícolas mediante cuneta rebasable.....	87
Figura 19: Acceso a predios agrícolas mediante conducción.....	88
Figura 20: Acceso a outras propiedades mediante cuneta rebasable.....	89
Figura 21: Acceso a outras propiedades mediante conducción.....	90
Figura 22: Seccións tipo das vías de servizo.....	91



Exposición de motivos

A Constitución Española, no seu artigo 148.1.5º, establece que as comunidades autónomas poden asumir competencias en materia de estradas cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio destas.

Por outro lado, o Estatuto de Autonomía de Galicia resévalle, no seu artigo 27.8, á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de estradas non incorporadas á Rede de Interese Xeral do Estado cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio desta.

O artigo 52 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia establece que a administración titular das estradas pode limitar os accesos a estas e establecer con carácter obrigatorio os lugares nos que tales accesos poden ser construídos.

Poderán establecerse igualmente as limitacións de deseño que xustificadamente se consideren convenientes, incluída a necesidade de que a execución dos accesos se realice a distinto nivel.

O artigo 128 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia establece que a administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, seguridade viaria e funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes, restrinxindo ao máximo a creación de novos accesos.

A conveniencia de procurar a máxima aplicación do principio de seguridade xurídica nas relacións da administración cos cidadáns, aconsella que o exercicio das facultades antes indicadas se configure como unha actividade regulada, na que o seu carácter discrecional se vexa reducido ao estritamente ineludible, en función das circunstancias específicas de cada caso.

A respecto disto, a diferente funcionalidade dos distintos tipos de estradas, segundo sexan vías de altas prestacións ou estradas convencionais, determinan que os requisitos para o acceso a estas deben tamén ser diferentes e adecuados ás súas respectivas esixencias de funcionamento, ao igual que deben considerarse os distintos usos para os que se solicita acceso ás estradas.

Por outra parte, a necesidade de evitar que no exercicio das facultades concedidas nestas autorizacións se ocasionen danos e prexuízos ás infraestruturas e á explotación das estradas, aos seus elementos funcionais e á seguridade da circulación viaria, esixe a imposición daquelas limitacións e condicionamentos que en cada caso resulten procedentes.

A tal fin, considerase conveniente indicar de forma xeral as condicións técnicas de localización, proxecto e construción e as que, segundo as circunstancias concorrentes,



poidan reflectirse nas diversas actuacións administrativas que se leven a cabo ao respecto.

Por todo elo, e no uso da facultade conferida á consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas (actualmente a Consellería de Infraestruturas e Vivenda) no artigo 18.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 46 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, para aprobar, no ámbito das súas competencias, a normativa técnica administrativa complementaria para as estradas de titularidade autonómica, provincial e municipal, emítase esta Orde pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

Título I. Disposicións xerais

Capítulo I. Obxecto, ámbito de aplicación e competencias

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto desta Orde é establecer os preceptos relativos ao réxime xurídico e condicións técnicas sobre o outorgamento, modificación e suspensión, temporal ou definitiva das autorizacións de accesos ás estradas e vías de servizo.
2. O ámbito de aplicación desta Orde abrangue os accesos ás estradas e vías de servizo de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, excepto nos accesos en solo urbano, nos que non será obrigatorio o cumprimento desta Orde e nos que os preceptos desta Orde unicamente servirán de guía aos que achegarse no posible, evitándolle danos e perdas á estrada e aos seus elementos funcionais, garantindo a seguridade da circulación viaria e a adecuada explotación do treito.
3. Os accesos autorizados con anterioridade á entrada en vigor desta Orde poderán ser reformados polos seus titulares, segundo os principios establecidos nesta Orde e previa autorización da administración titular da estrada, aínda que non se cumpran estritamente todos os seus preceptos, sempre que a reforma supoña un aumento das condicións de seguridade viaria. Tamén poderán ser reformados, nas mesmas circunstancias, pola administración titular da estrada.

Artigo 2. Competencias

1. Correspóndelle á administración titular da estrada o exercicio das seguintes competencias:
 - a. Limitar os accesos ás estradas da súa competencia, establecer obrigatoriamente os lugares en que aqueles se poden construír, reordenar os accesos existentes e acordar cos particulares interesados na construción de accesos non previstos, a achega económica que corresponda cando proceda.



- b. Outorgar, modificar ou suspender temporal ou definitivamente as autorizacións de acceso ás estradas e vías de servizo da súa competencia.
2. O exercicio das competencias ás que se fai referencia no apartado anterior correspóndelle aos órganos administrativos aos que a administración titular da estrada llelas atribúa expresamente segundo as disposicións reguladoras da súa estrutura orgánica.

Artigo 3. Criterios xerais

1. Na autorización para construír accesos considerarase preferentemente a súa influencia nas condicións de seguridade para a circulación viaria e no nivel de servizo destas. Do mesmo xeito, teranse en conta os plans e proxectos de ampliación, mellora, variación ou calquera obra na estrada que poida afectar á súa explotación, nun futuro inferior a dez anos.
2. No caso de accesos a outras vías transversais ou adxacentes, que conecten ou teñan previsto conectar coas estradas ou vías de servizo existentes ou proxectadas, cando se realicen nas zonas de protección destas, a súa administración titular poderá requirir, como parte da autorización para a súa execución, que o solicitante acondicione o acceso ou conexión do vial transversal ou adxacente coa estrada ou vía de servizo a través do que se acceda a elas segundo o disposto nesta Orde, de xeito que se manteñan, cando menos, as condicións de seguridade viaria.

Cando o acceso se realice fóra das zonas de protección das estradas ou vías de servizo existentes ou proxectadas, o promotor do acceso poderá solicitar autorización para acondicionar o acceso ou conexión do vial transversal ou adxacente coa estrada ou vía de servizo segundo o disposto nesta Orde.

Capítulo II. Definicións

Artigo 4. Estradas

1. Teñen a consideración de estradas as incorporadas aos catálogos de estradas das súas respectivas administracións titulares, segundo os procedementos establecidos no artigo 10 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
2. Aos efectos desta Orde, considéranse vías de altas prestacións as clasificadas como autoestradas, autovías e vías para automóbiles, segundo o establecido no artigo 4 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

O resto das estradas considéranse estradas convencionais.

Artigo 5. Vías de servizo

Denomínanse vías de servizo, ou calzadas de servizo, ás vías sensiblemente paralelas a unha estrada, respecto da que teñen carácter secundario, conectando con esta só nalgúns puntos e que serve ás propiedades e edificios lindeiros.



Artigo 6. Vías colectoras-distribuidoras

Denomínanse vías colectoras-distribuidoras ás calzadas con sentido único de circulación, sensiblemente paralelas ás calzadas principais e separadas fisicamente delas, cuxo obxecto é independizar das ditas calzadas principais as zonas de conflito que se orixinan en treitos con saídas e entradas consecutivas moi próximas e que en ningún caso servirán ás propiedades e edificios lindeiros.

Artigo 7. Accesos e conexións

1. Considéranse accesos directos ás estradas ou ás súas vías de servizo todas aquelas entradas e saídas de vehículos a elas nas que a incorporación dos vehículos a ou dende a calzada se produce sen empregar as conexións da estrada con outras vías públicas que teñan a consideración de estradas ou de vías de servizo.

Teñen a consideración de accesos ás estradas ou ás súas vías de servizo os das actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos, as instalacións de servizos e as fincas e predios lindeiros.

3. Os accesos ás estradas ou ás súas vías de servizo clasifícanse como:
 - a. A nivel, cando os xiros á esquerda permitidos entre o acceso e a estrada ou vía de servizo se resolven cruzando a nivel algún dos carrís destas últimas.

A distinto nivel, cando os xiros á esquerda permitidos entre o acceso e a estrada ou vía de servizo se resolven sen cruzar a nivel algún dos carrís destas últimas.
 - b. Canalizados, cando os movementos permitidos entre o acceso e a estrada ou vía de servizo se realizan empregando ramais específicos, carrís ou cuñas de cambio de velocidade.

Sen canalizar, cando os movementos permitidos entre o acceso e a estrada ou vía de servizo se realizan sen empregar ramais específicos, carrís nin cuñas de cambio de velocidade
4. Considéranse conexións mediante interseccións ou enlaces, ás que teñen lugar entre a estrada e outras vías públicas que teñan a consideración de estradas, da mesma ou de distinta titularidade, ou coas súas propias vías de servizo.

Artigo 8. Ramais

Son ramais as vías que unen estradas ou vías de servizo que conflúen nunha conexión para permitir os distintos movementos dos vehículos.

Naqueles casos nos que as vías de servizo teñan tamén como función servir como ramal de enlace ou intersección, considerarase que prevalece esta segunda función nos treitos da vía próximos ás súas conexións con outras vías ou coa calzada principal nunha distancia de cincuenta metros (50 m), contados a partir do final do carril de deceleración ou, no seu caso, antes do comezo do carril de aceleración.



Artigo 9. Instalacións de servizos

Enténdese por instalacións de servizos a todas cantas satisfagan necesidades dos usuarios das estradas, sempre que se atopen situadas fora de áreas de servizo. Considéranse incluídas nesta categoría, ademais doutras instalacións asimilables, as estacións de servizo, restaurantes, hoteis, moteis, talleres mecánicos e cafeterías.

Artigo 10. Actuacións urbanísticas

Enténdese por actuación urbanística á actividade ou acción de urbanización de calquera tipo, uso e/ou destino (residencial, industrial, comercial, de servizos, de dotacións,...), que xurda como consecuencia do desenvolvemento do planeamento urbanístico ou da ordenación territorial e que vaia contar con acceso público libre ou restrinxido.

Artigo 11. Vías urbanas e camiños públicos

1. Considéranse vías urbanas aquelas que compoñen a rede interior de comunicacións dunha poboación, agás as travesías e os treitos urbanos das estradas.
5. Considéranse camiños públicos aos camiños de servizo, camiños veciñais, camiños agrícolas, forestais, vías pecuarias e, en xeral, ás demais vías destinadas ao tráfico rodado de vehículos automóbiles, que sirvan a unha colectividade e non teñan a consideración de estrada.
 - a. Un camiño de servizo é o construído como elemento auxiliar ou complementario das actividades específicas dos seus titulares.
 - b. Un camiño veciñal é unha vía destinada ao acceso a vivendas unifamiliares e que non está incluído nunha rede de estradas de rango superior á municipal.
 - c. Un camiño agrícola ou forestal é unha vía destinada fundamentalmente para o acceso a fincas rústicas, e cuxo tráfico predominante é de tractores e maquinaria agrícola.
 - d. Un camiño pecuario é unha vía destinada fundamentalmente ao tránsito de gando, tanto para o acceso a fincas rústicas como a zonas de pastoreo ou a fontes de auga.

Artigo 12. Solo urbano e treitos urbanos

1. De acordo coa Lei 2/2016 do Solo de Galicia e para os efectos desta Orde, considérase solo urbano, aquel terreo que estea integrado na malla urbana existente, sempre que reúna algún dos seguintes requisitos:
 - e. Que conte con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas, e con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.



- f. Que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no apartado anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, a lo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral ou o plan básico establezan.

Consideraranse incluídos na malla urbana os terreos que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías de acceso e comunicación e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do entramado urbanístico xa existente.

2. Considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme á Lei de Estradas de Galicia, pola administración titular da estrada.

Artigo 13. Prohibición de accesos

1. Prohíbense, en todo caso, os accesos:
 - g. Ás autoestradas, autovías e vías para automóviles.
 - h. Ás estradas, variantes de poboación ou de trazado que teñan sido deseñadas con limitación de accesos.
 - i. Aos ramais dos enlaces e interseccións e aos treitos de vías de servizo nos que prevalece a súa función como ramais de enlace.
4. Nos demais casos, as propiedades lindeiras só poderán ter acceso á estrada ou ás súas vías de servizo no caso de que se cumpran, simultaneamente, os preceptos establecidos nesta Orde e, cando menos, unha das dúas condicións seguintes:
 - a. Que o acceso sexa de interese público por atoparse vinculado a bens, instalacións ou servizos de carácter igualmente público, tales como edificios administrativos, hospitais e centros de saúde, centros educativos ou similares.
 - b. Que se xustifique que non existe a posibilidade de acceso alternativo á rede viaria a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido e non se dispoña xa dun acceso co mesmo uso que se solicita. Non se considerará que existe a posibilidade de acceso alternativo a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido, no caso de que este acceso alternativo supoña un empeoramento da seguridade viaria ou da funcionalidade global da rede de estradas.

Artigo 14. Distancias de parada e de cruce

1. A distancia de parada defínese como a distancia total percorrida por un vehículo obrigado a deterse ante un obstáculo inesperado na súa traxectoria, medida dende a súa posición no momento de aparecer o obxecto que motiva a detención. Calcúlase



segundo os criterios da Norma 3.1-IC da Instrución de Trazado ou disposición análoga que a substitúa. Na táboa 1 indícanse as distancias de parada para as combinacións máis frecuentes de velocidades e inclinacións da rasante:

Táboa 1: Distanci

Velocidade (km/h)	Incl										
	-7	-6	-5	-4	-3	-2					
40	40	39	39	38	38	38					
50	57	56	55	54	54	53					
60	78	76	75	74	73	72					
70	103	101	99	97	95	94					
80	133	130	127	125	122	120					
90	170	165	161	158	154	151					
100	213	207	201	196	191	187					

5. A distancia de cruce defínese como a lonxitude que pode percorrer un vehículo sobre unha vía durante o tempo que outro emprega en atravesar a dita vía total ou parcialmente. Calcúlase segundo os criterios da Norma 3.1-IC da Instrución de Estradas ou disposición análoga que a substitúa. Na táboa 2 indícanse as distancias de cruce dos diferentes tipos de vehículos, para as combinacións máis frecuentes de velocidades e número de carrís a cruzar:

Táboa 2: Distancia de cruce (m)

Velocidade (km/h)	Tipo de vehículo								
	Lixeiro			Rixido					
	Nº carrís			Nº carrís					
	1	2	3	1	2	3			
40	66	72	78	97	104	111	1		
50	83	91	97	121	130	139	1		
60	99	109	117	145	156	167	1		
70	116	127	136	169	182	194	2		
80	132	145	156	193	208	222	2		

6. Aos efectos desta Orde, para a determinación das distancias de parada e de cruce empregaranse os valores das velocidades legais máximas de circulación no punto no que se sitúe o acceso solicitado ou existente.
7. Para a determinación das distancias de cruce poderanse empregar, cando se dispoña de datos precisos sobre os vehículos de deseño do acceso, as súas dimensións concretas. En caso contrario, empregaranse a seguinte clasificación:
- Lixeiros: cando a súa masa máxima autorizada non exceda de 3.500 kg incluíndo, no seu caso, os posibles remolques.
 - Pesados rixidos: cando a súa masa máxima autorizada sexa superior a 3.500 kg e non contén con remolque.



- c. Articulados: cando a súa masa máxima autorizada sexa superior a 3.500 kg e contén con remolque.

Artigo 15. Cruces e xiros á esquerda

1. A modificación da sinalización horizontal e vertical por razóns de seguridade viaria non ten a consideración de limitación ou ordenación de accesos, podendo realizarse directamente pola administración titular da estrada cando as citadas razóns o fagan necesario.

Nese sentido, a autorización de acceso só se refire aos movementos que se realicen no sentido de circulación da marxe na que se sitúe aquel. En ningún caso xerará dereito algún para a realización de movementos de cruce ou xiro á esquerda con respecto á estrada ou vía de servizo, que serán sinalizados pola administración titular.


En todo caso, ademais do resto de condicionantes que se teñan que reunir para poder sinalizar un xiro á esquerda, deberase ter en conta que nos casos nos que exista un cambio de sentido a unha distancia máxima de catrocentos metros (400 m), non se poderán autorizar os movementos que se poidan resolver a través do cambio de sentido existente.

2. Considerarase a todos os efectos, que o vehículo que realiza o movemento de cruce desde unha conexión ou acceso parte do repouso e está situado a unha distancia de 3 metros, medida perpendicularmente ao borde exterior da beiravía.
3. Tendo en conta o establecido no artigo 131 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, os vehículos B e C que se aproximan a unha intersección cando un vehículo A pretende realizar a manobra de cruce, con ou sen carril central de espera, deben dispor das visibilidades necesarias que garantan a súa seguridade.



Xiros á esquerda desde a vía principal, sen carril central de espera

Cando un vehículo A pretende realizar a manobra de cruce nunha intersección sen carril central de espera, o vehículo B que ven detrás no mesmo sentido, deberá dispor dunha visibilidade igual ou superior á distancia de parada e o vehículo C que ven no sentido oposto, deberá dispor dunha visibilidade igual ou superior á distancia de cruce respecto do vehículo A antes de efectuar o cruce, e á distancia de parada respecto do vehículo A, logo de efectuado o cruce.



w: ancho total en metros dos carrís atravesados

l: lonxitude en metros do vehículo que atravesa a vía. Consideraranse, en función do estudo do tipo de tráfico no cruce, 5 m para vehículos lixeiros, 10 metros para vehículos pesados ríxidos e 15 metros para vehículos articulados

Dp: distancia de parada

Dc: distancia de cruce

Considerarase como liña de referencia para medir as distancias con respecto ao vehículo A logo de efectuado o cruce, unha liña imaxinaria paralela ao vial transversal a dous metros (2,00 m) do borde exterior da calzada da estrada. Suporase que inicialmente o vehículo A, antes de atravesar o sentido oposto, se sitúa a unha distancia, de cinco metros (5,00 m) desde a anterior liña de referencia.


Para realizar unha análise simplificada da posición en planta, poderanse facer coincidir o punto de vista do observador e o obstáculo identificable coas arestas dos vehículos centrados no seu carril.

Para o cálculo da visibilidade de cruce, con independencia do vehículo patrón característico que realiza a manobra A, tomarase como altura do punto de vista do condutor 1,10 metros.



Xiros á esquerda desde a vía principal, con carril central de espera

Cando un vehículo A pretende realizar a manobra de cruce nunha intersección con carril central de espera, o vehículo C que ven no sentido oposto, deberá dispor dunha visibilidade igual ou superior á distancia de cruce respecto do vehículo A antes de efectuar o cruce, e á distancia de parada respecto do vehículo A, logo de efectuado o cruce.



w: ancho total en metros dos carrís atravesados

L: lonxitude en metros do vehículo que atravesa a vía. Consideraranse, en función do estudo do tipo de tráfico no cruce, 5 m para vehículos lixeiros, 10 metros para vehículos pesados ríxidos e 15 metros para vehículos articulados

Dp: distancia de parada

Dc: distancia de cruce

Considerarase como liña de referencia para medir as distancias con respecto ao vehículo A logo de efectuado o cruce, unha liña imaxinaria paralela ao vial transversal a dous metros (2,00 m) do bordo exterior da calzada da estrada. Suporase que inicialmente o vehículo A, antes de atravesar o sentido oposto, se sitúa a unha distancia, de tres metros (3,00 m) desde a anterior liña de referencia.


Para realizar unha análise simplificada da posición en planta, poderanse facer coincidir o punto de vista do observador e o obstáculo identificable coas arestas dos vehículos centrados no seu carril.

Para o cálculo da visibilidade de cruce, con independencia do vehículo patrón característico que realiza a manobra A, tomarase como altura do punto de vista do condutor 1,10 metros.



Xiros á esquerda desde a vía secundaria, sen carril central de espera

Cando un vehículo A pretende realizar unha manobra de cruce para incorporarse a unha vía principal desde unha vía secundaria, sen carril central de espera, os vehículos B e C que circulan nos dous sentidos da vía principal deberán dispor dunha visibilidade igual ou superior á maior das resultantes entre a distancia de cruce e a distancia de parada.



w: ancho total en metros dos carrís atravesados

D*: a maior distancia que resulte entre a distancia de parada e a distancia de cruce

Considerarase como liña de referencia para medir as distancias con respecto ao vehículo A logo de efectuado o cruce, unha liña imaxinaria paralela ao vial transversal a dous metros (2,00 m) do bordo exterior da calzada da estrada.


Para realizar unha análise simplificada da posición en planta, poderanse facer coincidir o punto de vista do observador e o obstáculo identificable coas arestas dos vehículos centrados no seu carril.

Para o cálculo da visibilidade de cruce, con independencia do vehículo patrón característico que realiza a manobra A, tomarase como altura do punto de vista do condutor 1,10 metros.



Xiros á esquerda desde a vía secundaria, con carril central de espera

Cando un vehículo A pretende realizar unha manobra de cruce para incorporarse a unha vía principal desde unha vía secundaria, con carril central de espera, o vehículo C que circula polo carril que se cruza da vía principal deberá dispor dunha visibilidade igual ou superior á maior das resultantes entre a distancia de cruce e a distancia de parada.



w: ancho total en metros dos carrís atravesados

D*: a maior distancia que resulte entre a distancia de parada e a distancia de cruce

Considerarase como liña de referencia para medir as distancias con respecto ao vehículo A antes de efectuar o cruce, unha liña imaxinaria paralela ao vial transversal a dous metros (2,00 m) do bordo exterior da calzada da estrada.


Para realizar unha análise simplificada da posición en planta, poderanse facer coincidir o punto de vista do observador e o obstáculo identificable coas arestas dos vehículos centrados no seu carril.

Para o cálculo da visibilidade de cruce, con independencia do vehículo patrón característico que realiza a manobra A, tomarase como altura do punto de vista do condutor 1,10 metros.



Cruce dunha estrada desde unha vía secundaria

Cando un vehículo A pretende cruzar unha estrada, os vehículos B e C que circulan nos dous sentidos da vía principal deberán dispor dunha visibilidade igual ou superior á maior das resultantes entre a distancia de cruce e a distancia de parada.



w: ancho total en metros dos carrís atravesados

l: lonxitude en metros do vehículo que atravesa a vía. Consideraranse, en función do estudo do tipo de tráfico no cruce, 5 m para vehículos lixeiros, 10 metros para vehículos pesados ríxidos e 15 metros para vehículos articulados

D* a maior distancia que resulte entre a distancia de parada e a distancia de cruce

Considerarase como liña de referencia para medir as distancias con respecto ao vehículo A, unha liña imaxinaria paralela ao vial transversal a dous metros (2,00 m) do bordo exterior da calzada da estrada.

Para realizar unha análise simplificada da posición en planta, poderanse facer coincidir o punto de vista do observador e o obstáculo identificable coas arestas dos vehículos centrados no seu carril.

Para o cálculo da visibilidade de cruce, con independencia do vehículo patrón característico que realiza a manobra A, tomarase como altura do punto de vista do condutor 1,10 metros.

4. Cando a intersección corresponda a un acceso particular cunha IMD menor de 10 vehículos/día sen vehículos pesados, e que non teña uso público, será suficiente que os vehículos que se aproximan dispoñan da obrigada visibilidade de parada.

Título II. Accesos ás vías de altas prestacións

Artigo 16. Limitación de accesos

1. As propiedades lindoiras non terán acceso directo ás vías de altas prestacións. Os accesos destas realizaranse indirectamente, a través de estradas convencionais ou de vías de servizo que se conectarán a aquelas, en ambos casos, nos enlaces que se habiliten.



8. Excepcionalmente, poderase autorizar por parte da administración titular da estrada, a conexión das súas propias vías de servizo ás calzadas principais das autovías e vías para automóbiles. Neses casos respectaranse, non obstante, as distancias e demais requisitos que se especifican na sección 1ª do capítulo III do título IV desta Orde. Esta excepción non poderá aplicárselle, en ningún caso, ás autoestradas.
9. Os elementos funcionais das estradas, incluíndo as instalacións para a súa conservación e explotación, poderán dispor de accesos canalizados ás vías de altas prestacións.

Artigo 17. Autorizacións de acceso a vías de altas prestacións

A autorización para a implantación de instalacións de servizos ou para a realización de calquera outras actividades privadas nas marxes das autovías e vías para automóbiles non dará lugar á apertura de novas vías de servizo nin poderá incrementar o número das conexións daquelas coas calzadas principais.

O acceso das ditas instalacións e actividades ás autovías e vías para automóbiles realizarase a través das vías de servizo existentes e, no seu caso, doutras estradas e camiños que conecten coas calzadas principais a través de enlaces.

Polo tanto, só se autorizarán accesos destas instalacións e actividades a vías de servizo existentes, sen que en ningún caso a autorización inclúa ou poida implicar un incremento do número de conexións existentes das vías de servizo coas calzadas principais ou cos ramais dos seus enlaces.

Título III. Accesos ás estradas convencionais e vías de servizo

Capítulo I. Características e deseño dos elementos de trazado

Artigo 18. Sección característica

10. Aos efectos desta Orde, entenderase por sección característica dos enlaces, interseccións, accesos e carrís (figuras 1 e 2) ou cuñas (figura 3) de cambio de velocidade aquela onde o borde exterior da calzada do correspondente elemento intersecte ao borde exterior da calzada principal.

No caso dos carrís centrais de espera (figura 4), entenderase por sección característica aquela onde é nulo o ancho da cuña de transición correspondente.

11. Agás que se especifique o contrario, cando nesta Orde se faga referencia ás distancias entre enlaces, interseccións, accesos ou carrís ou cuñas de cambio de velocidade, entenderase que se fai referencia ás distancias entre as seccións características daqueles.



Artigo 19. Características xerais dos elementos de trazado

1. Aos efectos desta Orde, para definir as dimensións dos elementos de cambio de velocidade empregaranse os valores das velocidades legais máximas de circulación no punto no que se sitúe o acceso solicitado ou existente.
12. Os radios de enlace das aliñacións serán de quince metros (15 m) como mínimo (figuras 1, 2, 3 e 4).
13. A ampliación da plataforma para a execución dos elementos de cambio de velocidade e dos carrís centrais de espera farase de tal xeito que se manteñan en toda a súa lonxitude os anchos dos carrís e bermas cos que conte actualmente a calzada existente, sen que sexa posible que a ampliación se faga a costa de diminuír as dimensións destes elementos.

O ancho mínimo da beiravía da calzada na zona afectada por elementos de cambio de velocidade ou carrís centrais de espera será de medio metro (0,5 m), sendo recomendable manter o da beiravía existente, cando sexa superior a ese valor (figuras 1, 2, 3 e 4).

No caso de que sexa precisa unha berma para aumentar a visibilidade ou para a disposición de sistemas de contención de vehículos asociados á execución do acceso, e a calzada principal non dispoña delas, habilitarase unha do ancho necesario.

14. Na zona correspondente ao final dun carril ou cuña de deceleración, denominada nariz, onde diverxen a calzada principal e o acceso ou saída, non haberá obstáculos que representen un perigo para a seguridade viaria da circulación.
15. A zona de converxencia situada ao principio dun carril ou cuña de aceleración, denominada punta, deberá estar a nivel para permitir unha boa visibilidade para a manobra de converxencia.
16. No caso de que os carrís ou cuñas de cambio de velocidade se solapen, en todo ou en parte, con paradas de autobús existentes nas marxes da calzada principal, ou a distancia entre as seccións características ou puntos máis próximos de ambos elementos sexa inferior a 50 m, as anteditas paradas de autobús integraranse como parte dos elementos de cambio de velocidade, prolongando estes, no seu caso, cando fose necesario.

Artigo 20. Carrís de cambio de velocidade

Os carrís de cambio de velocidade (figuras 1 e 2) que sexan necesarios serán executados polo solicitante da autorización de acceso, á súa conta, e deseñaranse tendo en conta as seguintes prescricións:

- a. Serán de tipo paralelo, entendendo como tales aqueles nos que o carril de cambio de velocidade dispónse adosado á calzada principal, e dispón dunha cuña triangular de transición de ancho variable linealmente no extremo contiguo a esa calzada.



- b. A súa lonxitude mínima será a indicada nas táboas 3 e 4, para as combinacións máis frecuentes de velocidades e inclinacións da rasante:

Táboa 3: Lonxitude do carri

Velocidade* (km/h)	Inclinación														
	≤-7	-6	-5	-4	-3	-2	-1								
100	110	115	120	125	130	135	140								
90	80	85	85	90	95	95	100								
80	60	60	60	65	65	70	70								
70	40	40	40	45	45	45	45								
60	30	30	30	30	30	30	30								
≤50	30	30	30	30	30	30	30								

* Empregarase a velocidade legal de circulación na secc

Táboa 4: Lonxitude do carril

Velocidade* (km/h)	Inclinación														
	≤-7	-6	-5	-4	-3	-2	-1								
100	250	235	215	205	190	180	170								
90	200	185	170	160	150	140	135								
80	150	140	130	125	115	110	105								
70	110	105	95	90	85	80	75								
60	80	70	65	65	60	55	55								
50	50	45	45	40	40	35	35								
≤40	30	30	30	30	30	30	30								

* Empregarase a velocidade legal de circulación na secc

Para valores intermedios das pendentes, empregaranse os valores correspondentes aos valores enteiros máis próximos reflectidos nas táboas.

- c. As lonxitudes mínimas que se considerarán para o deseño das cuñas de transición serán as indicadas na táboa 5, en función da velocidade máxima de circulación sinalizada no treito de estrada.

Táboa 5: Lonxitude da cuña triangular de trans

Velocidade* (km/h)	Deceleración
≥80	60
70	50
60	40
≤50	30

* Empregarase a velocidade legal de circulación na secc
sitúe o acceso

A lonxitude da cuña considérase incluída integramente na do correspondente carril de cambio de velocidade que figuran nas táboas 3 e 4.

Pódese dar a circunstancia de que a lonxitude esixida para o carril de cambio de velocidade coincida coa da súa correspondente cuña triangular de transición. Neses casos, todo o carril configurarase en forma de cuña.



- d. O ancho dos carrís de cambio de velocidade, agás nas cuñas triangulares de transición, será igual ao do carril adxacente da calzada principal, mantendo, en todo caso, un ancho mínimo de tres metros (3 m).
- e. Deberanse cumprir as limitacións referidas a distancias de seguridade con respecto a outros elementos de trazado que se establecen nos artigos correspondentes desta Orde.

Artigo 21. Cuñas de cambio de velocidade

As cuñas de cambio de velocidade (figura 3) que sexan necesarias serán executadas polo solicitante da autorización de acceso, á súa conta, e deseñaranse tendo en conta as seguintes prescricións específicas:

- a. As cuñas de cambio de velocidade poderán ser de saída da calzada principal (deceleración) ou de incorporación a aquela (aceleración).
- b. A súa lonxitude mínima será a indicada na táboa 6 e o ancho da cuña de saída será equivalente ao do carril adxacente da calzada á que se accede.

Táboa 6: Lonxitude mínima das cuñas de

Velocidade* (km/h)	Tráfico (veh./día)	Deceleración	Aceleración
≥80	-		
70	-		
60			
≤50	>5.000		
	≤5.000		

* Empregarase a velocidade legal de circulación na sección

- f. O ancho da prolongación do borde exterior da calzada das cuñas de cambio de velocidade, na súa intersección coa prolongación dos bordes da zona destinada á circulación de vehículos no acceso, será igual ao do carril adxacente da calzada principal, mantendo, en todo caso, un ancho mínimo de tres metros (3 m).
- g. Deberanse cumprir as limitacións referidas a distancias de seguridade con respecto a outros elementos de trazado que se establecen nos artigos correspondentes desta Orde.

Artigo 22. Carrís centrais de espera

- 1. Os carrís centrais de espera (figura 4) que sexan necesarios serán executados polo solicitante da autorización de acceso, á súa conta, e deseñaranse tendo en conta as seguintes prescricións específicas:
 - h. Os carrís centrais de espera serán de dous tipos, deceleración e aceleración.
 - i. Os carrís centrais de deceleración disporán dunha zona cebreada, unha cuña de transición, unha zona de cambio de velocidade e unha zona de almacenamento e espera.



Os carrís centrais de aceleración disporán dunha zona de cambio de velocidade, unha cuña de transición e unha zona cebreada.

- j. As dimensións das zonas de cambio de velocidade e das cuñas de transición serán as que se establecen nesta Orde para os carrís de cambio de velocidade (artigo 20.b) homólogos e para as súas correspondentes cuñas triangulares de transición (artigo 20.c).
 - k. A zona cebreada terá unha lonxitude superior ao dobre da establecida para a correspondente cuña triangular de transición.
 - l. A zona de almacenamento e espera terá unha lonxitude superior a quince metros (15 m), podendo determinarse a necesidade dunha lonxitude superior en función da intensidade de tráfico no acceso.
 - m. O ancho dos carrís centrais de espera, agás na parte das zonas cebreadas que non sexa adxacente ás cuñas de transición, será igual ou superior a tres metros (3 m), sendo recomendable manter o dos carrís existentes, cando sexa superior a ese valor.
17. Deberanse manter unhas distancias de seguridade entre as zonas de cambio de velocidade dos carrís centrais de espera e outros elementos da estrada equivalentes ás que nesta Orde se esixen para os carrís de cambio de velocidade homólogos.
18. Non se poderá establecer carril central de espera nun carril para a circulación de vehículos rápidos ou lentos en calquera dos dous sentidos de circulación.

Capítulo II. Actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos

Artigo 23. Ámbito de aplicación

Considéranse incluídos no ámbito de aplicación deste capítulo os accesos de actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos a estradas convencionais e vías de servizo.

Artigo 24. Limitacións comúns

- 19. Denegaranse todas aquelas solicitudes de autorización de acceso para as que se verifique algunha das condicións que se indican no resto de apartados deste artigo.
- 20. Por restrición de acceso: Non se autorizará o acceso ás estradas convencionais nas que se restrinxiran os seus accesos mediante, por exemplo, a disposición de valado perimetral nas súas marxes.
- 21. Pola existencia de vías de servizo: Se un treito de estrada está dotado de vías de servizo, non se disporán accesos á calzada principal, utilizando para elo as vías de servizo.
- 22. Pola existencia de acceso alternativo: Non se autorizará o acceso a estradas convencionais ou vías de servizo de titularidade autonómica ou provincial cando



exista a posibilidade dun acceso alternativo á rede viaria a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido ou se dispoña xa dun acceso co mesmo uso que se solicita. Non se considerará que existe a posibilidade de acceso alternativo a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido, no caso de que este acceso alternativo supoña un empeoramento da seguridade viaria ou da funcionalidade global da rede de estradas.

23. Por razón de visibilidade, non se autorizará ningún acceso no que non se cumpran, simultaneamente, as seguintes condicións:
 - a. Todo acceso deberá dispoñer dunha visibilidade na estrada ou vía de servizo superior á distancia de parada para o carril e sentido de circulación da marxe na que sitúa.
 - b. No treito da estrada ou vía de servizo definido pola distancia de parada, existirá plena visibilidade para calquera vehículo situado no acceso, a unha distancia de tres metros (3 m) do borde exterior da beiravía.
24. Pola proximidade de semáforos ou pasos de peóns (figura 11): Entre a sección característica final do elemento de incorporación ao carril principal do tronco ou, no caso de non existir elementos de cambio de velocidade, entre o punto máis próximo do acceso e o semáforo ou paso de peóns seguinte, segundo o sentido da marcha, máis próximo ao acceso debe existir unha distancia igual ou superior á distancia de parada do treito.

Artigo 25. Distancias de seguridade en estradas convencionais

1. As distancias de seguridade en estradas convencionais mediranse na mesma marxe da estrada, entre as seccións características ou, no caso de non existir elementos de cambio de velocidade, entre os puntos máis próximos do acceso e da conexión ou acceso adxacente. (figura 5).

Nunha glorieta que é un tipo de intersección con calzada anular, as distancias de seguridade mediranse desde o perímetro exterior da dita calzada.

2. Deberanse respectar as distancias de seguridade que figuran nos puntos 3 e 4 deste artigo nos seguintes casos:
 - a. Nas conexións entre unha estrada e outra vía pública que teña a consideración de estrada mediante interseccións ou enlaces.
 - a. Nas conexións dunha estrada coas súas propias vías de servizo mediante interseccións ou enlaces.
 - b. Nos accesos a actuacións urbanísticas, vías urbanas ou camiños públicos dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).



- c. Nos accesos a instalacións de servizos dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).
- d. Nos accesos a outras propiedades dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).

No resto de accesos non será necesario que exista distancia de seguridade.

- 3. En treitos non urbanos e tendo en conta o punto 2 deste artigo, as distancias de seguridade mínimas entre un acceso ou conexión a unha estrada e o acceso ou conexión máis próximas serán as seguintes:
 - a. A distancia entre unha entrada á estrada dunha conexión ou acceso e unha saída da estrada da conexión ou acceso posterior será como mínimo de douscentos metros (200 m).

No caso de non se cumprir a distancia anterior, uniranse ambos elementos nunha vía de servizo. Esta vía de servizo poderase converter en carril de trenzado se a distancia entre as súas seccións características é menor de douscentos metros (200 m).

- b. A distancia entre dúas saídas consecutivas da estrada correspondentes a conexións ou accesos será como mínimo cincuenta metros (50 m).

No caso de non se cumprir a distancia anterior, uniranse ambos elementos nunha vía de servizo. Esta vía de servizo poderase converter en carril de trenzado se a distancia entre as súas seccións características é menor de cincuenta metros (50 m).

- c. A distancia entre dúas entradas consecutivas á estrada correspondentes a conexións ou accesos será como mínimo de cen metros (100 m).

No caso de non se cumprir a distancia anterior, uniranse ambos elementos nunha vía de servizo. Esta vía de servizo poderase converter en carril de trenzado se a distancia entre as súas seccións características é menor de cen metros (100 m).

- d. Non se establecen limitacións pola distancias entre unha saída da estrada e unha entrada á estrada consecutivas correspondentes a conexións ou accesos.
- 4. En treitos urbanos e tendo en conta o punto 2 deste artigo, as distancias mínimas de seguridade entre un acceso ou conexión a unha estrada e o acceso ou conexión máis próximas serán iguais ou superiores á distancia de parada do treito.
- 5. Distancias de seguridade pola proximidade a obras especiais (figuras 6 e 7): Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa estrada, nin modificación do número de carrís, antes ou despois do inicio e final dun treito afectado por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións e leitos de freado, nunha distancia de:



- a. Douscentos metros (200 m), no caso de que o acceso requira a disposición de carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m) (figura 6).
- b. Cincuenta metros (50 m), no resto dos casos (figura 7).

Artigo 26. Distancias de seguridade en vías de servizo

- 3. As distancias de seguridade en vías de servizo mediranse na mesma marxe da vía de servizo, entre as seccións características ou, no caso de non existir elementos de cambio de velocidade, entre os puntos máis próximos do acceso e da conexión ou acceso adxacente. (figura 8).

Nunha glorieta que é un tipo de intersección con calzada anular, as distancias de seguridade mediranse desde o perímetro exterior da dita calzada.

- 4. Deberanse respectar as distancias de seguridade que figuran nos puntos 3 e 4 deste artigo nos seguintes casos:
 - a. Nas conexións entre a vía de servizo e unha vía pública que teña a consideración de estrada mediante interseccións ou enlaces.
 - e. Nos accesos a actuacións urbanísticas, vías urbanas ou camiños públicos dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).
 - f. Nos accesos a instalacións de servizos dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).
 - g. Nos accesos a outras propiedades dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).

No resto de accesos non será necesario que exista distancia de seguridade.

- 3. En treitos non urbanos e tendo en conta o punto 2 deste artigo, as distancias de seguridade mínimas entre un acceso ou conexión e o acceso ou conexión máis próximas nunha vía de servizo serán as seguintes:
 - c. A distancia entre unha entrada á vía de servizo dunha conexión ou acceso e unha saída da vía de servizo da conexión ou acceso posterior será como mínimo de cincuenta metros (50 m).

En caso contrario, uniranse ambos elementos.

- d. A distancia entre dúas entradas consecutivas á vía de servizo correspondentes a conexións ou accesos será como mínimo de vinte e cinco metros (25 m).

En caso contrario, uniranse ambos elementos.



- e. Non se establecen limitacións pola distancias entre dúas saídas consecutivas da vía de servizo correspondentes a conexións ou accesos.
 - f. Non se establecen limitacións pola distancias entre unha saída da vía de servizo e unha entrada á vía de servizo consecutivas correspondentes a conexións ou accesos.
6. En treitos urbanos e tendo en conta o punto 2 deste artigo, as distancias mínimas de seguridade serán iguais ou superiores á distancia de parada do treito.
7. Distancias de seguridade pola proximidade a obras especiais (figura 9 e 10): Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa vía de servizo, nin modificación do número de carrís, nos cincuenta metros (50 m), anteriores ou posteriores, do inicio e final dun treito afectado por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións e leitos de freado.

Artigo 27. Disposición dos accesos

1. Dispoñeranse carrís de cambio de velocidade nos treitos de estrada ou vía de servizo nos que a velocidade legal de circulación sexa igual ou superior a oitenta quilómetros por hora (80 km/h) e, simultaneamente, a intensidade media diaria de circulación sexa superior a cinco mil (5.000) vehículos ao día.
8. No resto dos casos, dispoñeranse cuñas de cambio de velocidade, excepto nos accesos para camiños públicos en vías de servizo nas que a velocidade legal de circulación sexa igual ou inferior a cincuenta quilómetros por hora (50 km/h) e, simultaneamente, a intensidade media diaria de circulación sexa igual ou inferior a 3.000 vehículos ao día, nos que o deseño a seguir será o establecido nos artigos 52 e 53 desta Orde para o caso de acceso de predio agrícola (figuras 18 e 19).
9. Os accesos a actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos poderanse realizar a través dunha glorieta sempre que queden garantidos os condicionantes xeométricos da nova conexión na glorieta e as condicións óptimas de circulación e de seguridade viaria. A Administración titular da estrada indicará o procedemento para establecer estes condicionantes.

Artigo 28. Trazado en planta e alzado

1. O deseño en planta dos accesos realizarase de tal xeito que os radios de enlace das aliñacións serán de quince metros (15 m) como mínimo.
2. Cando se permitan os xiros á esquerda para entrar ou saír do acceso, este deseñarase de xeito que, preferentemente, permita a realización de manobras de cambio de sentido para os vehículos que circulen pola estrada principal.
10. Se o acceso se produce en zona de terraplén da estrada ou vía de servizo, a pendente lonxitudinal máxima deste será do catro por cento (4%), nunha lonxitude non inferior a dez metros (10 m). Se o acceso se produce en zona de desmonte da estrada ou vía de servizo, o seu perfil lonxitudinal deseñarase en contrapendente



mínima do un por cento (1%), de tal xeito que se garanta a correcta drenaxe da auga de escorrega que discorra pola vía secundaria, evitando a súa chegada á calzada da estrada ou vía de servizo.

11. As curvas de acordo vertical que se deseñen na vía secundaria, na zona do acceso, terán un parámetro mínimo de cen metros (100 m).
12. Se o acceso se realiza sobre as cuñas ou carrís de cambio de velocidade doutro acceso existente, conectaranse ambos mediante un dos seguintes xeitos:
 - a. Mediante un carril de trenzado, deseñado de tal xeito que as cuñas ou carrís de cambio de velocidade entre este e a calzada á que se acceda contén coas dimensións mínimas esixibles a aquel acceso que presente uns requisitos máis estritos ao respecto.
 - b. Mediante unha vía de servizo.

Artigo 29. Sección transversal

A vía secundaria terá unha anchura mínima de seis metros (6 m) nunha lonxitude non inferior a quince metros (15 m), a medir dende a aresta exterior da calzada da estrada ou vía de servizo.

Artigo 30. Drenaxe

1. Nas obras de reposición da drenaxe da estrada ou vía de servizo as condicións de drenaxe tanto no que se refire á drenaxe subterránea como á superficial, así como as pendentes transversais, cunetas, desaugadoiros, etc, disporanse cos mesmos criterios e normas vixentes que para a estrada ou vía de servizo.
2. A continuidade da drenaxe da estrada ou vía de servizo na zona afectada polo acceso a realizar garantirase mediante unha conducción de dimensións suficientes. Se a lonxitude desta resultara superior a oito metros (8 m) disporanse tantas arquetas de rexistro intermedias como sexa necesario para facilitar a limpeza da conducción, de tal xeito que ningún treito presente unha lonxitude superior a aquela.

No caso de que o elemento de drenaxe lonxitudinal da calzada da estrada ou vía de servizo estivese constituído por unha cuneta e, para manter a súa continuidade, fose necesario cubrila dalgún xeito (mediante conducións ou lousas, por exemplo), as súas embocaduras cubriranse mediante reixas inclinadas cunha pendente máxima de trinta graos (30°).

3. En todo caso, non se interferirá a drenaxe superficial ou profunda da estrada ou vía de servizo e impedirase a chegada de augas de escorrega dende o acceso á calzada, dispoñendo excepcionalmente, se fose preciso, imbornais ou rexas corridas no acceso.



Artigo 31. Firmes

Afirmaranse, en toda a súa lonxitude e ancho, os carrís ou cuñas de cambio de velocidade e os carrís centrais de espera que formen parte do acceso, de acordo á Norma 6.1-IC, de Seccións de Firme, da Instrución de Estradas, ou disposición análoga que a substitúa, e cun pavimento executado cun tipo de material análogo ao empregado na calzada á que se acceda.

Artigo 32. Iluminación

Cando se dispoña iluminación no acceso, constituirá un sistema independente do da calzada principal e, en ningún caso provocará o deslumbramento dos usuarios daquela.

Artigo 33. Sistemas de contención

Todos os obstáculos a colocar co motivo da construción do acceso ou do elemento á que este serve que puideran supoñer un aumento da perigosidade da estrada ou vía de servizo e, en particular os báculos situados nas marxes dos accesos, deberán dispoñer de sistemas de contención conforme ás recomendacións vixentes en cada momento sobre a materia.

Artigo 34. Sinalización

A sinalización vertical axustarase á Norma 8.1-IC, Sinalización Vertical, da Instrución de Estradas e ao Catálogo de Sinais de Circulación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, ou disposicións análogas que os substitúan.

As marcas viarias realizaranse conforme ao establecido na Norma 8.2-IC, Marcas Viarias, da Instrución de Estradas, ou disposición análoga que a substitúa.

Sempre que o acceso non dispoña de carril de aceleración, disporase unha sinal tipo R-2 de detención obrigatoria na marxe dereita do acceso, en prolongación da aresta exterior da plataforma da estrada ou vía de servizo.

Artigo 35. Reposición de accesos

Se as obras afectan a accesos existentes autorizados, no proxecto deberanse de contemplar como obras a realizar polo interesado aquelas necesarias para a reposición dos anteditos accesos segundo os principios establecidos nesta Orde, aínda que non se cumpran estritamente todos os seus preceptos, de tal xeito que, cando menos, se manteñan as mesmas condicións de seguridade viaria coas que contaban anteriormente.

Capítulo III. Instalacións de servizo

Artigo 36. Ámbito de aplicación

Considéranse incluídos no ámbito de aplicación deste capítulo os accesos de instalacións de servizos a estradas convencionais e vías de servizo.



Artigo 37. Limitacións comúns

13. Denegaranse todas aquelas solicitudes de autorización de acceso para as que se verifique algunha das condicións que se indican no resto de apartados deste artigo.
14. Por restrición de acceso: Non se autorizará o acceso ás estradas convencionais nas que se teñan restrinxido os seus accesos mediante, por exemplo, a disposición de valado perimetral nas súas marxes.
15. Pola existencia de vías de servizo: Se un treito de estrada está dotado de vías de servizo, non se disporán accesos á calzada principal, utilizando para elo as vías de servizo.
16. Pola existencia de acceso alternativo: Non se autorizará o acceso a estradas convencionais ou vías de servizo de titularidade autonómica ou provincial cando exista a posibilidade dun acceso alternativo á rede viaria a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido ou se dispoña xa dun acceso co mesmo uso que se solicita. Non se considerará que existe a posibilidade de acceso alternativo a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido, no caso de que este acceso alternativo supoña un empeoramento da seguridade viaria ou da funcionalidade global da rede de estradas.
17. Por razón de visibilidade, non se autorizará ningún acceso no que non se cumpran, simultaneamente, as seguintes condicións:
 - a. Todo acceso deberá dispoñer dunha visibilidade na estrada ou vía de servizo superior á distancia de parada para o carril e sentido de circulación da marxe na que se sitúa.
 - b. No treito da estrada ou vía de servizo definido pola distancia de parada, existirá plena visibilidade para calquera vehículo situado no acceso, a unha distancia de tres metros (3 m) do borde exterior da beiravía.
18. Pola proximidade de semáforos ou pasos de peóns (figura 11): Entre a sección característica final do elemento de incorporación ao carril principal do tronco ou, no caso de non existir elementos de cambio de velocidade, entre o punto máis próximo do acceso e o semáforo ou paso de peóns seguinte, segundo o sentido da marcha, máis próximo ao acceso debe existir unha distancia igual ou superior á distancia de parada do treito.

Artigo 38. Distancias de seguridade en estradas convencionais

5. As distancias de seguridade en estradas convencionais mediranse na mesma marxe da estrada, entre as seccións características ou, no caso de non existir elementos de cambio de velocidade, entre os puntos máis próximos do acceso e da conexión ou acceso adxacente. (figura 5).

Nunha glorieta que é un tipo de intersección con calzada anular, as distancias de seguridade mediranse desde o perímetro exterior da dita calzada.



6. Deberanse respectar as distancias de seguridade que figuran nos puntos 3 e 4 deste artigo nos seguintes casos:
- a. Nas conexións entre unha estrada e outra vía pública que teña a consideración de estrada mediante interseccións ou enlaces.
 - h. Nas conexións dunha estrada coas súas propias vías de servizo mediante interseccións ou enlaces
 - i. Nos accesos a actuacións urbanísticas, vías urbanas ou camiños públicos dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).
 - j. Nos accesos a instalacións de servizos dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).
 - k. Nos accesos a outras propiedades dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).

No resto de accesos non será necesario que exista distancia de seguridade.

3. En treitos non urbanos e tendo en conta o punto 2 deste artigo, as distancias de seguridade mínimas entre un acceso ou conexión a unha estrada e o acceso ou conexión máis próximas serán as seguintes:
- a. A distancia entre unha entrada á estrada dunha conexión ou acceso e unha saída da estrada da conexión ou acceso posterior será como mínimo de douscentos metros (200 m).

No caso de non se cumprir a distancia anterior, uniranse ambos elementos nunha vía de servizo. Esta vía de servizo poderase converter en carril de trenzado se a distancia entre as súas seccións características é menor de douscentos metros (200 m).

- b. A distancia entre dúas saídas consecutivas da estrada correspondentes a conexións ou accesos será como mínimo cincuenta metros (50 m).

No caso de non se cumprir a distancia anterior, uniranse ambos elementos nunha vía de servizo. Esta vía de servizo poderase converter en carril de trenzado se a distancia entre as súas seccións características é menor de cincuenta metros (50 m).

- a. A distancia entre dúas entradas consecutivas á estrada correspondentes a conexións ou accesos será como mínimo de cen metros (100 m).

No caso de non se cumprir a distancia anterior, uniranse ambos elementos nunha vía de servizo. Esta vía de servizo poderase converter en carril de trenzado se a distancia entre as súas seccións características é menor de cen metros (100 m).



- b. Non se establecen limitacións pola distancias entre unha saída da estrada e unha entrada á estrada consecutivas correspondentes a conexións ou accesos.
- 19. En treitos urbanos e tendo en conta o punto 2 deste artigo, as distancias mínimas de seguridade entre un acceso ou conexión a unha estrada e o acceso ou conexión máis próximas serán iguais ou superiores á distancia de parada do treito.
- 20. Non se establecen limitacións por razón de distancias de seguridade a outros accesos ou conexións no caso dos accesos de instalacións de servizo que non requiran a disposición de carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).
- 21. Distancias de seguridade pola proximidade a obras especiais: Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa estrada, nin modificación do número de carrís, antes ou despois do inicio e final dun treito afectado por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións e leitos de freado, nunha distancia de:
 - a. Douscentos metros (200 m), no caso de que o acceso requira a disposición de carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m) (figura 6).
 - b. Cincuenta metros (50 m), no resto dos casos (figura 7).

Artigo 39. Distancias de seguridade en vías de servizo

- 7. As distancias de seguridade en vías de servizo mediranse na mesma marxe da vía de servizo, entre as seccións características ou, no caso de non existir elementos de cambio de velocidade, entre os puntos máis próximos do acceso e da conexión ou acceso adxacente. (figura 8).

Nunha glorieta que é un tipo de intersección con calzada anular, as distancias de seguridade mediranse desde o perímetro exterior da dita calzada.
- 8. Deberanse respectar as distancias de seguridade que figuran nos puntos 3 e 4 deste artigo nos seguintes casos:
 - a. Nas conexións entre a vía de servizo e unha vía pública que teña a consideración de estrada mediante interseccións ou enlaces.
 - l. Nos accesos a actuacións urbanísticas, vías urbanas ou camiños públicos dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).
 - m. Nos accesos a instalacións de servizos dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).
 - n. Nos accesos a outras propiedades dotados con carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m).



No resto de accesos non será necesario que exista distancia de seguridade.

3. En treitos non urbanos e tendo en conta o punto 2 deste artigo, as distancias de seguridade mínimas entre un acceso ou conexión e o acceso ou conexión máis próximas nunha vía de servizo serán as seguintes:
 - c. A distancia entre unha entrada á vía de servizo dunha conexión ou acceso e unha saída da vía de servizo da conexión ou acceso posterior será como mínimo de cincuenta metros (50 m).

En caso contrario, uniranse ambos elementos.
 - d. A distancia entre a dúas entradas consecutivas á vía de servizo correspondentes a conexións ou accesos será como mínimo de vinte e cinco metros (25 m).

En caso contrario, uniranse ambos elementos.
 - e. Non se establecen limitacións pola distancias entre dúas saídas consecutivas da vía de servizo correspondentes a conexións ou accesos.
 - f. Non se establecen limitacións polas distancias entre unha saída da vía de servizo e unha entrada á vía de servizo consecutivas correspondentes a conexións ou accesos.
22. En treitos urbanos e tendo en conta o punto 2 deste artigo, as distancias mínimas de seguridade serán iguais ou superiores á distancia de parada do treito.
23. Non se establecen limitacións por razón de distancias de seguridade a outros accesos ou conexións no caso dos accesos de instalacións de servizo que non requiran a disposición de carrís ou cuñas de cambio de velocidade.
24. Distancias de seguridade pola proximidade a obras especiais (figuras 9 e 10): Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa vía de servizo, nin modificación do número de carrís, nos cincuenta metros (50 m), anteriores ou posteriores, do inicio e final dun treito afectado por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións e leitos de freado.

Artigo 40. Disposición dos accesos

1. Os accesos a unha instalación de servizo deberán deseñarse de xeito que os vehículos que accedan non cheguen a acumularse e produzan afección á circulación da vía principal.
2. Dispoñeranse carrís de cambio de velocidade (figura 12) nos treitos de estrada ou vía de servizo nos que a velocidade legal de circulación sexa igual ou superior a oitenta quilómetros por hora (80 km/h) e, simultaneamente, a intensidade media diaria de circulación sexa superior a cinco mil (5.000) vehículos ao día.



25. Dispoñeranse cuñas de cambio de velocidade (figura 13) nos treitos de estrada ou vía de servizo nos que a velocidade legal de circulación sexa superior a cincuenta quilómetros por hora (50 km/h) ou nos que a intensidade media diaria de circulación sexa superior a 3.000 vehículos ao día, agás que por razón da velocidade legal ou da intensidade media de circulación sexan precisos carrís de cambio de velocidade.
26. Nos accesos a instalacións de servizo que requiran carrís ou cuñas de cambio de velocidade, os elementos de entrada e saída uniranse mediante un vial que terá a consideración de vial interior do acceso e, en consecuencia, non constituirá un elemento funcional da estrada aos efectos da liña límite de edificación (figuras 12 e 13).
Se este “vial interior do acceso” tivera que prolongarse para unirse cunha conexión ou acceso adxacente, trataríase como unha vía de servizo e si sería un elemento funcional da estrada a todos os efectos.

Este vial terá un ancho igual ao ancho dos carrís da calzada principal e terá unha beiravía a cada lado dun ancho mínimo de 0,5 m.

O vial separarase de maneira física con respecto á calzada principal, respectando as dimensións das beiravías de ambas, e mantendo unha separación mínima dun metro (1 m) entre os bordes exteriores das súas respectivas beiravías. A separación física entre a vía de servizo e a calzada principal poderá adoptar algunha das seguintes configuracións:

- a. Dúas liñas de bordos montables, con formigón entre elas e balizas H-75.
 - b. Dúas liñas de bordos montables, con vexetación entre elas.
 - c. Barreira de contención de vehículos de formigón.
27. Nos treitos de estrada ou vía de servizo nos que a velocidade legal de circulación sexa igual ou inferior a cincuenta quilómetros por hora (50 km/h) e, simultaneamente, a intensidade media diaria de circulación sexa igual ou inferior a 3.000 vehículos ao día, o acceso de entrada formará un ángulo de trinta graos (30°) co eixe da calzada principal e o acceso de saída de vehículos a aquela terá unha sección de catro metros e medio (4,5 m), formará co eixe da estrada un ángulo comprendido entre setenta e noventa graos (70° e 90°) e sinalizarase mediante unha detención obrigatoria (figura 14).

A disposición anterior empregárase tamén para habilitar o acceso entre a instalación de servizo e o vial de servizo especificado no punto 4 deste artigo, no caso de accesos a instalacións de servizo que requiran carrís ou cuñas de cambio de velocidade (figuras 12 e 13).

2. Os accesos a instalacións de servizo poderanse realizar a través dunha glorieta sempre que queden garantidos os condicionantes xeométricos da nova conexión na glorieta e as condicións óptimas de circulación e de seguridade viaria. A Administración titular da estrada indicará o procedemento para establecer estes condicionantes.



Artigo 41. Trazado en planta e alzado

1. Cando se permitan os xiros á esquerda para entrar ou saír do acceso:
 - a. O acceso deseñarase de xeito que, preferentemente, permita a realización de manobras de cambio de sentido para os vehículos que circulen pola estrada principal.
 - b. A disposición e dimensións do acceso permitirá o paso incluso dos vehículos articulados, sen que estes teñan que efectuar manobras sobre a estrada ou vía de servizo, para o que o movemento de entrada á instalación de servizo, dende o eixe do carril do lado oposto á instalación de servizos onde se inicia a manobra de xiro ou do carril central de espera, se poida realizar cun radio de xiro de, como mínimo, quince metros (15 m), sen necesidade de manobras intermedias e sen que logo de completado o movemento un vehículo articulado ocupe, nin total nin parcialmente, a calzada ou as beiravías da estrada ou vía de servizo (figura 15).
28. Se o acceso se produce en zona de terraplén da estrada ou vía de servizo, a pendente lonxitudinal máxima deste será do catro por cento (4%), nunha lonxitude non inferior a dez metros (10 m). Se o acceso se produce en zona de desmonte da estrada ou vía de servizo, o seu perfil lonxitudinal deseñarase en contrapendente mínima do un por cento (1%), de tal xeito que se garanta a correcta drenaxe da auga de escorrega que discorra pola vía secundaria, evitando a súa chegada á calzada da estrada ou vía de servizo.
29. Se o acceso se realiza sobre as cuñas ou carrís de cambio de velocidade doutro acceso existente, conectaranse ambos mediante un dos seguintes xeitos:
 - a. Mediante un carril de trenzado, deseñado de tal xeito que as cuñas ou carrís de cambio de velocidade entre este e a calzada á que se acceda contén coas dimensións mínimas esixibles a aquel acceso que presente uns requisitos máis estritos ao respecto.
 - b. Mediante unha vía de servizo.
30. Se o acceso se realiza sobre outras vías transversais ou adxacentes, que conecten ou teñan previsto conectar coas estradas ou vías de servizo existentes ou proxectadas, executarase integramente máis separado destas que a liña límite de edificación.

Artigo 42. Illa de separación

Disporase unha illa de separación da estrada ou vía de servizo que ocupará as zonas entre accesos de entrada e saída, cunha anchura mínima de dous metros (2 m) e respectándose sempre a beiravía da estrada ou vía de servizo.

Esta illa, que non será transitable para vehículos, poderase destinar a zona verde e colocaranse bordos montables en todo o seu perímetro.



Artigo 43. Drenaxe

1. A drenaxe das augas contaminadas da instalación de servizos construíranse sen posibilidade de conexión coa rede de drenaxe da estrada ou vía de servizo.
2. Nas obras de reposición da drenaxe da estrada ou vía de servizo as condicións de drenaxe, tanto no que se refire á drenaxe subterránea como á superficial, así como as pendentes transversais, cunetas, desaugadoiros,..., disporanse cos mesmos criterios e normas vixentes que para a estrada ou vía de servizo.
3. A continuidade da drenaxe da estrada ou vía de servizo na zona afectada polo acceso a realizar garantirase mediante unha condución de dimensións suficientes. Se a lonxitude desta resultara superior a oito metros (8 m), disporanse tantas arquetas de rexistro intermedias como sexa necesario para facilitar a limpeza da condución, de tal xeito que ningún treito presente unha lonxitude superior a aquela.

No caso de que o elemento de drenaxe lonxitudinal da calzada da estrada ou vía de servizo estivese constituído por unha cuneta e, para manter a súa continuidade, fose necesario cubrila dalgún xeito (mediante conducións ou lousas, por exemplo), as súas embocaduras cubriranse mediante reixas inclinadas cunha pendente máxima de trinta graos (30°).

4. En todo caso, non se interferirá a drenaxe superficial ou profunda da estrada ou vía de servizo e impedirase a chegada de augas de escorrega dende o acceso á calzada, dispoñendo excepcionalmente, se fose preciso, imbornais ou reixas corridas no acceso.

Artigo 44. Firmes

Afirmaranse, en toda a súa lonxitude e ancho, os carrís ou cuñas de cambio de velocidade e os carrís centrais de espera que formen parte do acceso, de acordo á Norma 6.1-IC, de Seccións de Firme, da Instrución de Estradas, ou disposición análoga que a substitúa, e cun pavimento executado cun tipo de material análogo ao empregado na calzada á que se acceda

Artigo 45. Iluminación

Cando se dispoña iluminación no acceso, constituirá un sistema independente do da calzada principal e, en ningún caso, provocará o deslumbramento dos usuarios daquela.

Artigo 46. Sistemas de contención

Todos os obstáculos a colocar co motivo da construción do acceso ou do elemento ao que este serve que puideran supoñer un aumento da perigosidade da estrada ou vía de servizo e, en particular os báculos situados nas marxes dos accesos, deberán dispoñer de sistemas de contención conforme ás recomendacións vixentes en cada momento sobre a materia.



Artigo 47. Sinalización

A sinalización vertical axustarase á Norma 8.1-IC, Sinalización Vertical, da Instrución de Estradas e ao Catálogo de Sinais de Circulación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, ou disposicións análogas que os substitúan.

As marcas viarias realizaranse conforme ao establecido na Norma 8.2-IC, Marcas Viarias, da Instrución de Estradas, ou disposición análoga que a substitúa.

Artigo 48. Reposición de accesos

Se as obras afectan a accesos existentes autorizados, no proxecto deberanse de contemplar como obras a realizar polo interesado aquelas necesarias para a reposición dos anteditos accesos segundo os principios establecidos nesta Orde. Se non é posible cumprir estritamente todos os seus preceptos, cando menos deberanse manter as mesmas condicións de seguridade viaria coas que contaban anteriormente.

Artigo 49. Publicidade

A información da instalación de servizos cumprirá coas normas sobre publicidade nas estradas da Comunidade Autónoma de Galicia que se indican no artigo 53 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia e nos artigos 152 e 153 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Capítulo IV. Vivendas unifamiliares e predios agrícolas

Artigo 50. Ámbito de aplicación

Considéranse incluídos no ámbito de aplicación deste capítulo os accesos a vivendas unifamiliares e predios agrícolas de uso privado e non empregados por unha colectividade, nos que non se sitúe un establecemento destinado á contratación de bens e servizos, a estradas convencionais e vías de servizo.

Artigo 51. Limitacións

31. Denegaranse todas aquelas solicitudes de autorización de acceso para as que se verifique algunha das condicións que se indican no resto de apartados deste artigo.
32. Pola existencia de acceso alternativo: Non se autorizará o acceso a estradas convencionais ou vías de servizo de titularidade autonómica ou provincial cando exista a posibilidade dun acceso alternativo á rede viaria a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido ou se dispoña xa dun acceso co mesmo uso que se solicita. Non se considerará que existe a posibilidade de acceso alternativo a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido, no caso de que este acceso alternativo supoña un empeoramento da seguridade viaria ou da funcionalidade global da rede de estradas.



33. Por restrición de acceso: Non se autorizará o acceso ás estradas convencionais nas que se teñan restrinxido os seus accesos mediante, por exemplo, a disposición de valado perimetral nas súas marxes.
34. Pola existencia de vías de servizo: Se un treito de estrada está dotado de vías de servizo, non se disporán accesos á calzada principal, utilizando para elo as vías de servizo.
35. Por razón de visibilidade, non se autorizará ningún acceso no que non se cumpran, simultaneamente, as seguintes condicións:
 - a. Todo acceso deberá dispoñer dunha visibilidade na estrada ou vía de servizo superior á distancia de parada para o carril e sentido de circulación da marxe na que sitúa.
 - b. No treito da estrada ou vía de servizo definido pola distancia de parada, existirá plena visibilidade para calquera vehículo situado no acceso, a unha distancia de tres metros (3 m) do borde exterior da beiravía.
36. Por razón de distancias de seguridade, non se establecen limitacións pola distancia de seguridade dos accesos a vivendas unifamiliares e predios nas proximidades de conexións con outras estradas ou con outros accesos.
37. Pola proximidade a obras especiais: Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa estrada (figura 7) ou vía de servizo (figura 10), nin modificación do número de carrís, nos cincuenta metros (50 m), anteriores ou posteriores, do inicio e final dun treito afectado por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións e leitos de freado.

Artigo 52. Trazado en planta e alzado

1. O deseño en planta dos accesos formará un ángulo o máis perpendicular posible co eixe da calzada principal e realizarase de tal xeito que permitan a inscrición do movemento de xiro dun vehículo lixeiro cun radio de seis metros (6 m) como mínimo (figuras 16, 17, 18 e 19).
2. O deseño en planta do acceso deixará libre de obstáculos unha superficie de, cando menos, seis metros (6 m) medidos transversalmente ao eixe da calzada principal, dende a súa aresta exterior (figuras 16, 17, 18 e 19).
3. Se o acceso se produce en zona de terraplén da estrada ou vía de servizo, a pendente lonxitudinal máxima deste será do catro por cento (4%), nunha lonxitude non inferior a cinco metros (5 m). Se o acceso se produce en zona de desmonte da estrada ou vía de servizo, o seu perfil lonxitudinal deseñarase en contrapendente mínima do dous por cento (2%), de tal xeito que se garanta a correcta drenaxe da auga de escorrega que discorra pola vía secundaria, evitando a súa chegada á calzada da estrada ou vía de servizo (figuras 16, 17, 18 e 19).



Artigo 53. Sección transversal

1. Na súa intersección coa aresta exterior da calzada, o ancho do acceso será de, como mínimo, oito metros e medio (8,5 m) no caso de accesos a vivendas unifamiliares (figuras 16 e 17) e de trece metros (13 m) no caso de accesos a predios agrícolas (figuras 18 e 19).
4. No sección situada a seis metros (6 m) da aresta exterior da calzada, o ancho do acceso será de, como mínimo, dous metros e medio (2,5 m) no caso de accesos a vivendas unifamiliares (figuras 16 e 17) e de tres metros (3 m) no caso de accesos a predios agrícolas (figuras 18 e 19).
5. En cada sección intermedia, o ancho do acceso será igual ou superior ao que resultaría de aplicar unha redución lineal entre os valores indicados nos apartados anteriores (figuras 16, 17, 18 e 19).

Artigo 54. Portas e cambio de sentido

1. As portas que se dispoñan no acceso non abrirán en ningún caso cara á estrada e situaranse fóra das zonas de dominio público e de servidume, e a unha distancia non inferior a seis metros (6 m) da aresta exterior da calzada (figuras 16, 17, 18 e 19).
2. As manobras de cambio de sentido dos vehículos deberán poder realizarse, preferentemente, no acceso ou na propia parcela á que se accede, sen invadir a zona de circulación da estrada ou vía de servizo.

Artigo 55. Drenaxe

1. En xeral, e especialmente cando o elemento de drenaxe lonxitudinal da calzada da estrada ou vía de servizo estivese constituído por unha cuneta tendida, promoverase o mantemento da súa continuidade como cuneta rebasable, revestido con dez centímetros (10 cm) de formigón, cunha pendente mínima de 1V/6H en cada un dos planos que a forman e recomendable 1V/8H, cun ancho mínimo de tres metros (3 m) e cunha profundidade equivalente á da cuneta nos treitos adxacentes (figuras 16 e 18).
2. Cando non fose posible manter a continuidade da drenaxe lonxitudinal da calzada da estrada ou vía de servizo mediante unha cuneta rebasable, deberase garantir mediante conducións (figuras 19 e 21) de dimensións suficientes. Se a lonxitude destas resultara superior a oito metros (8 m) disporanse tantas arquetas de rexistro intermedias como sexa necesario para facilitar a limpeza da condución, de tal xeito que ningún treito presente unha lonxitude superior a aquela.

No caso de que o elemento de drenaxe lonxitudinal da calzada da estrada ou vía de servizo estivese constituído por unha cuneta e, para manter a súa continuidade, fose necesario cubrila dalgún xeito (mediante conducións, reixas ou lousas, por exemplo), as súas embocaduras cubriranse mediante reixas inclinadas (figuras 19 e 21) cunha pendente máxima de trinta graos (30°).



3. En todo caso, non se interferirá a drenaxe superficial ou profunda da estrada ou vía de servizo e impedirse a chegada de augas de escorrega dende o acceso á calzada, dispoñendo excepcionalmente, se fose preciso, imbornais ou rexas corridas no acceso.

Artigo 56. Firmes

Agás no caso de accesos a vías de servizo non pavimentadas, o acceso afirmarase en todo o seu ancho e nunha lonxitude superior a seis metros (6 m), a medir dende a aresta exterior da calzada da estrada ou vía de servizo. O pavimento estará constituído por mestura bituminosa, formigón ou un tratamento superficial mediante rego con grava bicapa.

Artigo 57. Sinalización

As marcas viarias realizaranse conforme ao establecido na Norma 8.2-IC, Marcas Viarias, da Instrución de Estradas, ou disposición análoga que a substitúa.

Capítulo V. Outras propiedades

Artigo 58. Ámbito de aplicación

4. Considéranse incluídos no ámbito de aplicación deste capítulo os accesos a todos aqueles edificios, vivendas, explotacións agrícolas, fincas e predios públicos ou privados non incluídos noutros capítulos desta Orde, a estradas convencionais e vías de servizo.
5. Entre os accesos incluídos no ámbito de aplicación deste capítulo diferéncianse:
 - a. Accesos a propiedades de uso residencial.
 - b. Accesos ao resto de propiedades.
6. Considéranse accesos a propiedades de uso residencial os de todas aquelas propiedades nas que o seu uso principal sexa o residencial e non se atopen incluídos noutro capítulo desta Orde.

Principalmente, teñen esta consideración os accesos a edificios en réxime de propiedade horizontal destinados fundamentalmente ao uso residencial, que poden ter ou non varios usos secundarios, tanto na súa planta baixa como nas superiores.

7. Considéranse accesos ao resto de propiedades incluídas no ámbito de aplicación deste capítulo os de todos aqueles edificios, vivendas, explotacións agrícolas, fincas e predios públicos ou privados non incluídos noutros capítulos desta Orde, agás no caso de que o seu uso principal sexa o residencial.

Artigo 59. Limitacións

1. Denegaranse todas aquelas solicitudes de autorización de acceso para as que se verifique algunha das condicións que se indican no resto de apartados deste artigo.



38. Por restrición de acceso: Non se autorizará o acceso ás estradas convencionais nas que se teñan restrinxido os seus accesos mediante, por exemplo, a disposición de valado perimetral nas súas marxes.
39. Pola existencia de vías de servizo: Se un treito de estrada está dotado de vías de servizo, non se disporán accesos á calzada principal, utilizando para elo as vías de servizo.
40. Pola existencia de acceso alternativo: Non se autorizará o acceso a estradas convencionais ou vías de servizo de titularidade autonómica ou provincial cando exista a posibilidade dun acceso alternativo á rede viaria a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido ou se dispoña xa dun acceso co mesmo uso que se solicita. Non se considerará que existe a posibilidade de acceso alternativo a través de calquera outra vía pública de titularidade dunha administración de ámbito territorial máis restrinxido, no caso de que este acceso alternativo supoña un empeoramento da seguridade viaria ou da funcionalidade global da rede de estradas.
41. Por razón de visibilidade, non se autorizará ningún acceso no que non se cumpran, simultaneamente, as seguintes condicións:
 - a. Todo acceso deberá dispoñer dunha visibilidade na estrada ou vía de servizo superior á distancia de parada para o carril e sentido de circulación da marxe na que sitúa.
 - b. No treito da estrada ou vía de servizo definido pola distancia de parada, existirá plena visibilidade para calquera vehículo situado no acceso, a unha distancia de tres metros (3 m) do borde exterior da beiravía.
42. Por razón de distancias de seguridade:
 - a. Aos accesos doutras propiedades que, segundo o disposto no artigo 60, requiran a disposición de carrís ou cuñas de cambio de velocidade dunha lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m), aplicaráselle as mesmas limitacións que se lle imponen aos accesos de instalacións de servizo nos puntos 1, 2, 3 e 4 dos artigos 38 e 39, segundo se sitúen en estradas convencionais (figura 5) ou vías de servizo (figura 8), respectivamente.
 - b. Para o resto dos casos de accesos doutras propiedades que non requiran a disposición de carril ou cuña de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m), non se establecen limitacións por razón de distancias de seguridade a outros accesos ou conexións.
43. Pola proximidade a obras especiais: Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa estrada, nin modificación do número de carrís, antes ou despois do inicio e final dun treito afectado por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións e leitos de freado, nunha distancia de:



- a. Douscentos metros (200 m), no caso de que o acceso se realice nunha estrada e requira a disposición de carrís ou cuñas de cambio de velocidade de lonxitude igual ou maior de trinta metros (30 m) (figura 6).
- b. Cincuenta metros (50 m), no resto dos casos (figura 7).

No caso de conexións cunha vía de servizo, non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa vía de servizo, nin modificación do número de carrís, nos cincuenta metros (50 m), anteriores ou posteriores, do inicio e final dun treito afectado por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións e leitos de freado (figuras 9 e 10).

Artigo 60. Disposición dos accesos

1. Os accesos a outras propiedades deberán deseñarse de xeito que os vehículos que accedan non cheguen a acumularse e produzan afección á circulación da vía principal.
2. Dispoñeranse carrís de cambio de velocidade:
 - a. Nos treitos de estrada ou vía de servizo nos que a velocidade legal de circulación sexa igual ou superior a oitenta quilómetros por hora (80 km/h) e, simultaneamente, a intensidade media diaria de circulación sexa superior a cinco mil (5.000) vehículos ao día, agás que se trate de accesos a edificios residenciais ou pequenos establecementos comerciais ou empresariais.
 - b. Independentemente da velocidade legal e da intensidade media de circulación, nos accesos de hospitais, centros comerciais cunha superficie comercial igual ou superior a dez mil metros cadrados (10.000 m²), instalacións nas que se dispoñan máis de cincocentas (500) prazas de aparcamento ou outras instalacións similares con afluencia continuada de grande cantidade de vehículos lixeiros ou pesados.
 - c. Independentemente da velocidade legal e da intensidade media de circulación, nos accesos de instalacións que deban ser empregados por transportes especiais ou de mercadorías perigosas.
3. Dispoñeranse cuñas de cambio de velocidade:
 - a. Nos treitos de estrada ou vía de servizo nos que a velocidade legal de circulación sexa igual ou superior a oitenta quilómetros por hora (80 km/h) e, simultaneamente, a intensidade media diaria de circulación sexa superior a cinco mil (5.000) vehículos ao día, cando se trate de accesos a edificios residenciais ou pequenos establecementos comerciais ou empresariais.
 - b. Nos treitos de estrada ou vía de servizo nos que a velocidade legal de circulación sexa superior a cincuenta quilómetros por hora (50 km/h) ou nos que a intensidade media diaria de circulación sexa superior a tres mil (3.000) vehículos ao día, agás que se trate de accesos a edificios residenciais ou pequenos establecementos comerciais ou empresariais ou daqueles nos que, por razón da velocidade legal, da



intensidade media de circulación ou do seu uso, sexan precisos carrís de cambio de velocidade.

- c. Nos seguintes casos: accesos de centros de saúde, tanatorios, centros comerciais cunha superficie comercial inferior a dez mil metros cadrados (10.000 m²), supermercados, centros educativos ou empresas con máis de douscentos (200) traballadores, instalacións nas que se dispoñan máis de cen (100) prazas de aparcamento ou outras instalacións similares con afluencia esporádica de grande cantidade de vehículos lixeiros ou continuada dunha cantidade significativa de vehículos pesados, agás que por razón da velocidade legal ou da intensidade media de circulación sexan precisos carrís de cambio de velocidade.
4. Non será preciso dispoñer carrís nin cuñas de cambio de velocidade:
 - a. Nos treitos de estrada ou vía de servizo nos que a velocidade legal de circulación sexa igual ou inferior a cincuenta quilómetros por hora (50 km/h) e, simultaneamente, a intensidade media diaria de circulación sexa igual ou inferior a tres mil (3.000) vehículos ao día, agás que, polo uso ao que se destine o acceso, sexan precisos carrís ou cuñas de cambio de velocidade.
 - b. Accesos a edificios residenciais ou pequenos establecementos comerciais ou empresariais, agás que por razón da velocidade legal ou da intensidade media de circulación sexan precisas cuñas de cambio de velocidade.
 5. Os accesos a outras propiedades poderanse realizar a través de glorietas sempre que queden garantidos os condicionantes xeométricos da nova conexión na glorieta e as condicións óptimas de circulación e de seguridade viaria. A Administración titular da estrada indicará o procedemento para establecer estes condicionantes.

Artigo 61. Trazado en planta e alzado

1. O deseño en planta dos accesos formará un ángulo o máis perpendicular posible co eixe da calzada principal e realizarase de tal xeito que, aínda no caso en que non sexa preciso dispoñer carrís nin cuñas de cambio de velocidade, os radios de enlace das aliñacións serán de dez metros (10 m) como mínimo.
6. O deseño en planta do acceso deixará libre de obstáculos unha superficie mínima de dez metros (10 m), medidos transversalmente ao eixe da calzada principal desde a aresta exterior da calzada (figuras 20 e 21).
7. Se o acceso se produce en zona de terraplén da estrada ou vía de servizo, a pendente lonxitudinal máxima deste será do catro por cento (4%), nunha lonxitude non inferior a cinco metros (5 m). Se o acceso se produce en zona de desmonte da estrada ou vía de servizo, o seu perfil lonxitudinal deseñarase en contrapendente mínima do dous por cento (2%), de tal xeito que se garanta a correcta drenaxe da auga de escorrega que discorra pola vía secundaria, evitando a súa chegada á calzada da estrada ou vía de servizo.
8. Se o acceso se realiza sobre os carrís ou cuñas de cambio de velocidade doutro acceso existente, conectaranse ambos mediante un dos seguintes xeitos:



- a. Mediante un carril de trenzado, deseñado de tal xeito que as cuñas ou carrís de cambio de velocidade entre o carril de trenzado e a calzada á que se acceda contén, cando menos, coas dimensións máximas que resulten de comparar as do acceso existente coas mínimas esixibles ao acceso para o que se solicita a autorización.
- b. Mediante unha vía de servizo.

Artigo 62. Sección transversal

1. O ancho do acceso na súa intersección coa aresta exterior da calzada medirá como mínimo vinte e dous metros (22 m) (figuras 20 e 21).
2. Na sección situada a dez metros (10 m) da aresta exterior da calzada, o ancho do acceso medirá como mínimo catro metros (4 m) (figuras 20 e 21).
3. En cada sección intermedia, o ancho do acceso será igual ou superior ao que resultaría de aplicar unha redución lineal entre os valores indicados nos apartados anteriores (figuras 20 e 21).

Artigo 63. Portas e cambio de sentido

1. As portas que se dispoñan no acceso non abrirán en ningún caso cara á estrada e situaranse fóra das zonas de dominio público e de servidume a unha distancia superior a dez metros (10 m) da aresta exterior da calzada.
3. As manobras de cambio de sentido dos vehículos deberán poder realizarse preferentemente, no acceso ou na propia parcela á que se accede, sen invadir a zona de circulación da estrada ou vía de servizo.

Artigo 64. Drenaxe

1. A continuidade da drenaxe na zona afectada polo acceso a realizar garantirase mediante conducións de dimensións suficientes. Se a lonxitude destas resultara superior a oito metros (8 m) disporanse tantas arquetas de rexistro intermedias como sexa necesario para facilitar a limpeza da condución, de tal xeito que ningún treito presente unha lonxitude superior a aquela.

No caso de que o elemento de drenaxe lonxitudinal da calzada da estrada ou vía de servizo estivese constituído por unha cuneta e, para manter a súa continuidade, fose necesario cubrila dalgún xeito (mediante conducións, reixas ou lousas, por exemplo), as súas embocaduras cubriranse mediante reixas inclinadas cunha pendente máxima de trinta graos (30°).

2. En todo caso, non se interferirá a drenaxe superficial ou profunda da estrada ou vía de servizo e impedirase a chegada de augas de escorrega dende o acceso á calzada, dispoñendo excepcionalmente, se fose preciso, imbornais ou reixas corridas no acceso.



Artigo 65. Firmes

Agás no caso de accesos a vías de servizo non pavimentadas, o acceso afirmarase en todo o seu ancho e nunha lonxitude non inferior a dez metros (10 m), a medir dende a aresta exterior da calzada da estrada ou vía de servizo. O pavimento estará constituído por mestura bituminosa ou formigón.

Afirmaranse tamén, en toda a súa lonxitude e ancho, os carrís ou cuñas de cambio de velocidade que formen parte do acceso, de acordo á Norma 6.1-IC, de Seccións de Firme, da Instrución de Estradas, ou disposición análoga que a substitúa, e cun pavimento executado cun tipo de material análogo ao empregado na calzada á que se acceda.

Artigo 66. Sinalización

A sinalización vertical axustarase á Norma 8.1-IC, Sinalización Vertical, da Instrución de Estradas e ao Catálogo de Sinais de Circulación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, ou disposicións análogas que os substitúan.

As marcas viarias realizaranse conforme ao establecido na Norma 8.2-IC, Marcas Viarias, da Instrución de Estradas, ou disposición análoga que a substitúa.

Título IV. Vías de servizo

Capítulo I. Condicións xerais

Artigo 67. Consideración e clasificación das vías de servizo

44. Polas súas características, as vías de servizo teñen a consideración de elementos funcionais das estradas. En consecuencia, as vías de servizo non teñen a consideración de estradas.

En todo caso, pode haber estradas que fagan, simultaneamente, a función de vías de servizo. Nese caso, prevalecerá a súa condición de estrada sobre a de vía de servizo.

En particular, terán a consideración de estradas, e non de vías de servizo, os treitos das calzadas paralelas á calzada principal da estrada a través das que se conecten con ela outras vías públicas que teñan a consideración de estradas, por estar incorporadas aos catálogos de estradas das súas respectivas administracións titulares.

45. As vías de servizo poden ser unidireccionais ou bidireccionais.

Artigo 68. Vías de servizo nos estudos e proxectos de estradas

En todos os estudos e proxectos de novas estradas, duplicacións de calzada, acondicionamentos, ensanches da plataforma ou ordenación de accesos que se redacten incluíranse as vías de servizo que se consideren necesarias, aplicando os preceptos desta Orde. Coas vías de servizo deseñadas débese garantir a ordenación



dos accesos existentes e a continuidade do percorrido para os vehículos cuxa circulación pola estrada principal se atope limitada (tractores, maquinaria agrícola, ciclomotores, bicicletas,...).

Artigo 69. Contribucións especiais

1. Poderán imporse contribucións especiais cando da execución das obras que se realicen para a construción de vías de servizo resulte a obtención por persoas físicas ou xurídicas dun beneficio especial, aínda que esta non poida fixarse nunha cantidade concreta.
46. A base imponible estará constituída polo custo total das obras, incluídos, se é o caso, todos os custos adicionais inherentes á súa execución e, en particular, o custo das expropiacións e indemnizacións que deban realizarse.
47. A base liquidable determinarase como unha porcentaxe da base imponible ata un máximo do cincuenta por cen (50%) daquela.
48. Para a determinación da cota tributaria entre os suxeitos pasivos estarase ao disposto no artigo 32 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Artigo 70. Carácter demanial das vías de servizo

Os terreos ocupados polas vías de servizo, como elementos funcionais da estrada, forman parte do dominio público viario.

A natureza de dominio público viario dos terreos ocupados polas vías de servizo prevalecerá sobre as zonas de protección da estrada, onde se superpoñan.

Os proxectos de novas estradas, duplicacións de calzada, acondicionamentos, ensanches da plataforma ou ordenación de accesos que se redacten comprenderán a expropiación dos terreos a ocupar polas vías de servizo.

Artigo 71. Zonas de protección e liña límite de edificación

As vías de servizo, como elementos funcionais das estradas, darán lugar ao establecemento das zonas de protección e da liña límite de edificación nos termos previstos para eles na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Artigo 72. Planificación, proxección, construción e explotación

A planificación, proxección, construción e explotación das vías de servizo é competencia das respectivas administracións titulares das estradas ás que serven. Polo tanto, só poderán construírse aquelas vías de servizo previstas en estudos ou proxectos aprobados definitivamente por aquelas ou as que aquelas autoricen como parte dos expedientes de autorización de acceso incoados a instancia dos particulares interesados.



As características e deseño das vías de servizo establécense no capítulo II deste título IV. Empregarase a normativa técnica xeral aplicable aos proxectos de estradas para os aspectos que non se especifiquen expresamente naquel.

Artigo 73. Obxecto das vías de servizo

Construiranse vías de servizo para levar a cabo a reordenación de accesos existentes, para asegurar a continuidade do recorrido aos vehículos non automóbiles cando non sexa suficiente para elo a rede de vías públicas no itinerario servido pola estrada ou cando sexan necesarias por razóns de distancias de seguridade entre accesos consecutivos.

Capítulo III. Características e deseño

Artigo 74. Trazado

49. O trazado dunha vía de servizo, tanto en planta como en alzado, deberá discorrer aproximadamente paralelo ao da estrada ou calzada principal contigua, agás que outras consideracións aconsellen desvinculalo da explanación destas e cinguilo en maior grao ao terreo lindeiro. Deberá considerarse a posibilidade de aproveitar camiños existentes, aínda que non discorran contiguos á estrada ou calzada principal, sempre que non se deixe sen acceso a propiedades ou predios lindeiros.
50. O ancho da franxa comprendida entre a vía de servizo e a estrada ou calzada principal, deberá permitir a ampliación futura dos carrís destas últimas.
51. As características do trazado, tanto en planta como en alzado, non deberán ser inferiores ás seguintes:
 - a. Se o tráfico predominante é de vehículos automóbiles, o trazado da vía de servizo deseñárase cumprindo, agás xustificación en contrario, os criterios establecidos nos apartados da Norma 3.1-IC, de Trazado, da Instrución de Estradas con carácter excepcional para estradas convencionais de tipo C-40. Polo tanto, o radio mínimo será de cincuenta metros (50 m) e a inclinación da rasante será inferior ao dez por cento (10%).
 - b. Se o tráfico predominante na vía de servizo é de tractores, maquinaria agrícola ou outros vehículos non automóbiles, o radio mínimo das aliñacións curvas será de vinte e cinco metros (25 m) e a inclinación da rasante fixarase tendo en conta a intensidade de circulación e o tipo de vehículos agrícolas que se prevé que circulen pola vía de servizo, se ben será inferior ao quince por cento (15%). Recoméndase que no mesmo trazado o radio mínimo non coincida coa inclinación máxima da rasante.
52. No caso dunha vía de servizo bidireccional, as súas conexións coa calzada principal deseñaranse de xeito que se garanta unha correcta interpretación do réxime de prioridades de circulación, especialmente cando esta lle corresponda aos vehículos que, saíndo da calzada principal, se incorporen á vía de servizo interceptando a traxectoria dos que circulan en sentido contrario por esta última.



Artigo 75. Sección transversal

1. As vías de servizo nas que se prevea que o tráfico predominante sexa de vehículos automóbiles cumprirán as seguintes prescricións, con respecto á súa sección transversal (figura 22):
 - a. No caso de vías de servizo bidireccionais, terán normalmente unha plataforma de sete metros (7 m) con calzada de seis metros (6 m) e sendas beiravías de medio metro (0,5 m) a cada lado.
 - b. No caso de vías de servizo unidireccionais, terán normalmente unha plataforma de cinco metros (5 m) con calzada de catro metros (4 m) e sendas beiravías de medio metro (0,5 m) a cada lado.
53. As vías de servizo cuxo tráfico predominante se prevea que vaia ser de carácter agrícola terán normalmente unha plataforma de cinco metros (5 m) sen beiravías (figura 22), se ben debe dispoñerse de treitos que permitan o eventual cruce de maquinaria agrícola.
54. Nos treitos en que se prevea que a existencia de vehículos estacionados vaia ser frecuente ou prolongada deberán adoptarse medidas especiais, tales como ensanchar a beiravía dereita ata os dous metros (2 m) ou establecer unha franxa lonxitudinal para estacionamento dos vehículos en liña (figura 22).
55. As vías de servizo presentarán unha separación física con respecto á calzada principal, respectando as dimensións das beiravías de ambas, e mantendo unha separación mínima dun metro (1 m) entre os bordes exteriores das súas respectivas beiravías (figura 22).

A separación física entre a vía de servizo e a calzada principal poderá adoptar algunha das seguintes configuracións:

- a. Dúas liñas de bordos montables, con formigón entre elas e balizas H-75.
- b. Dúas liñas de bordos montables, con vexetación entre elas.
- c. Barreira de contención de vehículos de formigón.

Artigo 76. Gálibo

A altura mínima ou gálibo sobre calquera punto da plataforma da vía de servizo non será inferior a cinco metros (5 m).

Artigo 77. Drenaxe

1. Sempre que sexa posible aplicarase a Norma 5.2-IC, Drenaxe Superficial, da Instrución de Estradas ou disposición análoga que a substitúa.
2. As cunetas terán un ancho mínimo dun metro e medio (1,5 m) co fin de permitir a eventual necesidade de ampliar a calzada da vía de servizo cun carril máis. Normalmente, non se revestirán as anteditas cunetas.



En todo caso, as cunetas deseñaranse, preferentemente, con seccións de seguridade.

3. A drenaxe lonxitudinal da vía de servizo será, preferentemente, independente do propio da estrada ou calzada principal.

No caso de que para a drenaxe da vía de servizo se empreguen elementos do sistema de drenaxe propia da estrada ou calzada principal, deberase xustificar adecuadamente que a súa capacidade é suficiente.

4. Nas vías de servizo nas que se prevea que o tráfico predominante será de carácter agrícola, poderán empregarse badéns.

Artigo 78. Firmes

1. As vías de servizo nas que se prevea que o tráfico predominante sexa de vehículos automóbiles afirmaranse segundo a Norma 6.1-IC, Seccións de Firme, da Instrución de Estradas ou disposición análoga que a substitúa.

Recoméndase o emprego de pavimentos a base de tratamentos superficiais mediante regos con gravilla sobre capas granulares para categorías de tráfico pesado T4 e T32, xustificando para esta última o dimensionamento adoptado.

2. As vías de servizo de nova construción nas que se prevea que o tráfico predominante sexa de carácter agrícola pavimentaranse cando pola súa proximidade á estrada ou calzada principal puideran producirse emisións de po. O afirmado consistirá nunha capa de quince centímetros (15 cm) como mínimo de solo estabilizado in situ, ou de trinta centímetros (30 cm) como mínimo de saburras artificiais ou materiais similares, que se asentará sobre outra capa de trinta centímetros (30 cm) como mínimo de solo adecuado.

Como pavimento aplicarase un simple tratamento superficial ou un microaglomerado en frío e en casos xustificados, un dobre tratamento superficial.

Artigo 79. Sistemas de contención

Adoptaranse as medidas oportunas para evitar a irrupción de vehículos dende a estrada ou calzada principal á vía de servizo e viceversa, aplicando para iso as recomendacións vixentes en cada momento en materia de sistemas de contención de vehículos.

Artigo 80. Sinalización

1. As vías de servizo, agás que sexan de carácter agrícola e, polo tanto, o seu tráfico predominante sexa de tractores e maquinaria agrícola, sinalizaranse segundo as Normas 8.1-IC, Sinalización Vertical e 8.2-IC, Marcas Viarias, da Instrución de Estradas e o Catálogo de Sinais de Circulación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento ou disposicións análogas que as substitúan.



3. Antes de acceder á entrada nunha autoestrada, autovía ou vía para automóbiles sinalizaranse as prohibicións de paso a determinados vehículos (tractores, ciclomotores,...), que non poidan circular por aquelas.

Artigo 81. Pantalla antideslumeamento

Cando as vías de servizo bidireccionais discorran contiguas á estrada ou calzada principal, disporase entre elas unha pantalla antideslumeamento, que poderá ser vexetal.

Capítulo IV. Conexións coas estradas

Artigo 82. Consideración como conexións

As conexións das vías de servizo coas estradas non teñen a consideración de accesos.

Sección 1ª. Conexións con vías de altas prestacións

Artigo 83. Criterios de conexión con autoestradas

No caso de autoestradas, a conexión das vías de servizo coas calzadas principais farase, exclusivamente, a través dos enlaces.

Artigo 84. Criterios de conexión con autovías e vías para automóbiles

No caso de autovías e vías para automóbiles, a conexión das vías de servizo coas calzadas principais farase, polo xeral, a través dos enlaces, agás casos excepcionais debidamente xustificados.

As vías de servizo, en calquera caso, non poderán conectar aos ramais dos enlaces nin ás vías colectoras-distribuidoras, aínda que poderán confluír ou diverxer destes elementos.

Artigo 85. Distancias de seguridade

Naqueles casos nos que se aproben excepcións á regra xeral, de que a conexión das vías de servizo coas calzadas principais de autovías e vías para automóbiles se efectúe a través dos enlaces, as distancias de seguridade entre entradas e saídas consecutivas ás calzadas principais, medidas entre as seccións características de carrís de cambio de velocidade dos que, en todo caso, estarán dotadas, serán as establecidas na Norma 3.1-IC da Instrución de Estradas, ou no apartado equivalente da disposición análoga que a substitúa.

No caso de que non sexa posible cumprir esas distancias, poderase proceder como se indica na citada Norma 3.1-IC, ou no apartado equivalente da disposición análoga que a substitúa, no sentido de dispor carrís de trenzado ou vías colectoras-distribuidoras, sempre que se verifiquen as distancias de seguridade que, neses casos, se establecen nese apartado.



Artigo 86. Características das conexións

1. Disporanse carrís de cambio de velocidade nas conexións entre as autovías e vías para automóviles e as súas vías de servizo, independentemente da existencia ou non de carrís adicionais nas calzadas principais, para facilitar os movementos de entrada e saída dos vehículos. Os carrís de cambio de velocidade estarán dotados do mesmo firme que a calzada principal.
2. As dimensións dos carrís de cambio de velocidade e das súas cuñas de transición serán as indicadas na Norma 3.1-IC, ou no apartado equivalente da disposición análoga que a substitúa. Os carrís de deceleración serán sempre de tipo paralelo.
3. Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa estrada, nin modificación do número de carrís, nos douscentos metros (200 m), anteriores ou posteriores, do inicio e final dun treito da estrada afectado en toda a súa lonxitude por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións, carrís adicionais para a circulación de vehículos rápidos ou lentos e leitos de freado.
4. Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa estrada, nin modificación do número de carrís, nos cincuenta metros (50 m), anteriores ou posteriores, do inicio e final dun treito da vía de servizo afectado en toda a súa lonxitude por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións, carrís adicionais para a circulación de vehículos rápidos ou lentos e leitos de freado.
5. As saídas e entradas da calzada principal sinalizaranse e balizaranse de acordo coa normativa vixente para estes elementos.

Sección 2ª. Conexión con estradas convencionais

Artigo 87. Criterios de conexión con estradas convencionais

No caso de estradas convencionais, a conexión das vías de servizo coas calzadas principais farase, polo xeral, a través das interseccións ou enlaces, agás casos excepcionais debidamente xustificados.

As vías de servizo, en calquera caso, non poderán conectar aos ramais dos enlaces nin ás vías colectoras-distribuidoras, aínda que poderán confluír ou diverxer destes elementos.

Artigo 88. Distancias de seguridade entre conexións das vías de servizo

Cando a conexión das vías de servizo coas calzadas principais de estradas convencionais non se poida realizar a través de interseccións ou enlaces, non se autorizará a súa conexión nas proximidades de conexións con outras vías de servizo ou con outras estradas mediante enlaces ou interseccións, na mesma marxe da estrada, cando a distancia entre a conexión e a sección característica máis próxima do elemento consecutivo de incorporación ou saída ao carril principal do tronco da



conexión adxacente sexa inferior ás establecidas na Norma 3.1-IC da Instrución de Estradas, ou no apartado equivalente da disposición análoga que a substitúa.

Artigo 89. Características das conexións das vías de servizo

1. Dispoñeranse carrís de cambio de velocidade nos treitos nos que a velocidade legal de circulación na estrada sexa igual ou superior a oitenta quilómetros por hora (80 km/h).
2. Dispoñeranse cuñas de cambio de velocidade nos treitos nos que a velocidade legal de circulación na estrada sexa inferior a oitenta quilómetros por hora (80 km/h).
3. As dimensións dos carrís ou cuñas de cambio de velocidade serán as indicadas no Capítulo I do Título III desta Orde.
4. Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa estrada, nin modificación do número de carrís, nos douscentos metros (200 m), anteriores ou posteriores, do inicio e final dun treito da estrada afectado en toda a súa lonxitude por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións, carrís adicionais para a circulación de vehículos rápidos ou lentos e leitos de freado.
5. Non se poderá realizar ningún tipo de conexión coa estrada, nin modificación do número de carrís, nos cincuenta metros (50 m), anteriores ou posteriores, do inicio e final dun treito da vía de servizo afectado en toda a súa lonxitude por unha das seccións transversais especiais seguintes: túneles, obras de paso de lonxitude superior a cen metros (100 m), confluencias e bifurcacións, carrís adicionais para a circulación de vehículos rápidos ou lentos e leitos de freado.
6. As saídas e entradas da calzada principal sinalizaranse e balizaranse de acordo coa normativa vixente para estes elementos.

Título V. Tramitación administrativa

Capítulo I. Procedemento de tramitación e efectos das autorizacións

Artigo 90. Réxime xeral

1. A execución de accesos ás estradas ou ás vías de servizo está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa, agás cando sexan executadas pola propia administración titular.
2. No outorgamento de autorizacións impoñeranse as condicións que, en cada caso, se consideren oportunas para evitarlles danos e perdas á estrada, ás zonas de protección, aos seus elementos funcionais, á seguridade da circulación viaria ou á adecuada explotación da estrada.

Para o establecemento de condicións terase en conta a actuación que se pretende desenvolver, as características técnicas e de tráfico do treito da estrada ao que se



pretenda acceder, a seguridade viaria e a correcta explotación da estrada. Poderán establecerse igualmente as limitacións de uso que xustificadamente se estimen convenientes, incluíndo a extensión e compatibilidade do acceso a outras persoas.

Se as obras ou as actividades relacionadas con estas puideran afectar ao tráfico de vehículos na vía ou á seguridade da circulación, a autorización poderá conter, no caso de que a administración titular o considere necesario, as oportunas instrucións sobre extremos tales como as datas e períodos horarios nos que as obras ou actividades conexas non poderán ser executadas, ou as medidas de regulación do tráfico que, de acordo coa autoridade competente, tivesen que ser implantadas, entre outros. Tamén se sinalarán todas aquelas actuacións que serán por conta do interesado.

Artigo 91. Tramitación

1. Os procedementos de outorgamento de autorizacións de acceso iniciaranse por solicitude da persoa interesada e tramitaranse segundo o disposto na lexislación en materia de procedemento administrativo, agás no expresamente regulado na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, no seu Regulamento ou nesta Orde.
56. A persoa interesada dirixirá ao órgano ao que lle corresponda outorgar a autorización a correspondente solicitude de autorización, na que indicará:
 - a. Os datos requiridos de xeito xenérico para as solicitudes de iniciación a instancia de parte na lexislación en materia de procedemento administrativo.
 - b. O uso ao que se pretende destinar o acceso.
3. No caso de accesos a vivendas unifamiliares e predios agrícolas e accesos a outras propiedades que non necesiten nin cuñas nin carrís de cambio de velocidade, será necesario e suficiente que a solicitude se presente acompañada dunha memoria explicativa que inclúa os planos, esquemas ou datos necesarios para a correcta e inequívoca localización e definición do acceso que se pretende realizar, indicando a súa situación, medidas e os materiais nos que se pretende executar, así como as medidas de sinalización e balizamento que teña que adoptar para garantir a seguridade viaria, en caso de afectar á calzada da estrada ou ás súas beiravías.

No resto dos casos, será necesaria, ademais, a presentación dun proxecto do acceso que se pretende executar, suscrito por profesional técnico competente para a redacción de proxectos de estradas.

4. Logo de examinada a documentación presentada, se esta fose incompleta, procederase segundo o previsto na lexislación en materia de procedemento administrativo.

Artigo 92. Reservas e precariedade

1. As autorizacións outorgaranse a reserva das demais licencias e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público,



nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

5. As autorizacións de acceso serán independentes das autorizacións correspondentes ás edificacións, urbanizacións ou instalacións que se executen ou pretendan executar nos predios situados nas marxes das estradas e vías de servizo.

En consecuencia, a autorización do acceso a un determinado predio non implicará a autorización para a execución das edificacións, urbanizacións ou instalacións que existan ou se pretendan executar no dito predio.

De xeito análogo, a autorización para a execución de edificacións, urbanizacións ou instalacións nun determinado predio non implicará, de ningún xeito, a autorización para o acceso dende a estrada ou vía de servizo ao dito predio.

6. As autorizacións outorgadas para a realización de accesos poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.

Artigo 93. Efectividade e transmisibilidade

1. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento.
7. A autorización será transmisible previa notificación á administración titular da estrada do cambio de titularidade, en documento asinado pola persoa titular da autorización e por aquela á que se lle transmite.

Artigo 94. Execución e control

1. Os accesos autorizados executaranse, por conta da persoa titular da autorización, e serán controlados, por parte da administración titular, segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, no seu Regulamento e nesta Orde.
2. A vixilancia das obras, a efectos do cumprimento das condicións en relación coa estrada ou vía de servizo, corresponderalle á administración titular da estrada, que a exercerá a través dos servizos competentes en materia de estradas dentro dos seus ámbitos territoriais respectivos, estando obrigados os interesados a cumprir as ordes ou instrucións que lles sexan transmitidos por estes.
3. As obras dos accesos realizaranse por conta da persoa titular da autorización e segundo a documentación presentada e as condicións establecidas na correspondente autorización da administración titular da estrada.

No caso de que as obras puideran afectarlle á estrutura da estrada ou vía de servizo, a súa administración titular poderá optar pola execución directa da parte das obras que lle puideran afectar, a cargo da persoa titular da autorización.



4. As obras executaranse sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada ou vía de servizo, quedando prohibido depositar materiais, mesturas ou refugallos na calzada, cunetas, beiravías ou beirarrúas, así como o estacionamento de vehículos de calquera tipo para as operacións de carga, descarga e complementarias; e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria. Tamén se tomarán as medidas oportunas para evitar accidentes, colocando os sinais de perigo e precaución necesarios para prevelos e incluso gardas ou vixiantes se fose necesario.
5. Se a administración titular da estrada apreciara desviacións respecto da documentación presentada ou das condicións impostas na autorización, procederán á inmediata paralización das actuacións ata que se corrixa aquelas, sen prexuízo da instrución do expediente de sanción que proceda.
6. Non se poderá abrir á explotación un acceso sen que o correspondente servizo competente en materia de estradas teña recoñecida satisfactoriamente a terminación das obras.

A estes efectos, a persoa titular da autorización porase en contacto co persoal da administración titular, conforme se indique na autorización, cunha antelación mínima de sete (7) días da data en que prevea finalizar as obras ou instalacións.

Logo de finalizadas as obras do acceso, a administración titular da estrada documentará a súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. De ser o caso, faranse constar as obxeccións de xeito pormenorizado e concederase un prazo proporcionado para a súa corrección.

A acta de conformidade implicará o permiso definitivo de apertura ao uso público do acceso, no que á normativa sectorial de estradas se refire e a reserva das demais licencias e autorizacións necesarias.

Artigo 95. Responsabilidade e risco derivado

1. As obras de execución do acceso autorizado serán por conta da persoa titular da autorización, ao igual que as que con posterioridade á súa terminación sexa preciso realizar con motivo de modificacións na estrada, sen que por tal razón poida a persoa titular da autorización esixir o abono de indemnización ningunha.
8. A persoa titular da autorización deberá repoñer, ao seu cargo, os elementos do dominio público viario que resulten danados pola súa actuación, tales como noiros, cunetas,... restituíndoos ás condicións anteriores. Igualmente, será responsable dos danos e perdas que ocasionen a terceiros, como consecuencia da execución do acceso.
9. As autorizacións outorgadas para a realización de accesos exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico, ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.



Artigo 96. Taxas

A tramitación dos expedientes de autorización, a inspección das obras e a confrontación dos proxectos, así como a ocupación do dominio público viario devengarán as correspondentes taxas, cando así o dispoña a normativa aplicable á administración titular da estrada.

Artigo 97. Garantías

A administración titular da estrada poderá requirir a constitución dunha garantía segundo o disposto no artigo 51 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e 119 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

O seu importe fixarase en función do valor da obra a executar.

Artigo 98. Compatibilidade na utilización de accesos

O uso dun acceso autorizado non implicará exclusividade en ningún caso, podendo impoñer a administración titular da estrada as limitacións de uso e condicionamentos que estime necesarios para o interese público e a seguridade viaria, incluíndo a compatibilidade ou extensión a outros usuarios.

No seu caso, procederase por conta do solicitante do novo acceso á reordenación dos accesos existentes que sexan afectados polas obras do acceso.

Artigo 99. Variación de usos ou características

O cambio de uso ou das características dun acceso existente está suxeito á tramitación dun novo expediente co deber de obter a correspondente autorización previa por parte da administración titular da estrada, que poderá obrigar ao titular deste a restablecer as características ou usos modificados sen a dita autorización, dándolle un prazo suficiente, que en ningún caso poderá ser superior a un (1) mes, para regularizar a situación, sen prexuízo das sancións que correspondan.

Dentro das distintas tipoloxías que están englobadas na definición de instalación de servizo no artigo 9 desta Orde, entenderase como cambio de uso o cambio dunha tipoloxía a outra.

Artigo 100. Conservación e mantemento

1. Serán obrigacións da persoa titular da autorización, as seguintes:
 - c. A conservación, mantemento e permanente limpeza do acceso e, en particular, dos seus elementos da súa drenaxe, ao seu cargo, incluso na parte incorporada ao dominio público viario.

A administración titular da estrada, a través do servizo competente en materia de estradas dentro do seu ámbito territorial respectivo, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e sinalará as reparacións que deban



realizarse, quedando obrigado o titular da autorización a executalas no prazo que se lle sinala. Se fóra o caso, débese ter presente o establecido no artigo 1.3 desta Orde.

- d. Conservar a autorización e presentala cando así llelo esixan os funcionarios do servizo competente en materia de estradas.
57. No caso de que as condicións de mantemento de certos elementos do acceso puideran afectar ás propias da estrada, a súa administración titular poderá asumir o mantemento deses elementos a cargo da persoa solicitante. Se fóra o caso, débese ter presente o establecido no artigo 1.3 desta Orde.

Artigo 101. Prohibicións

Ademais das prohibicións establecidas na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, no seu Regulamento e nesta Orde, quédalle tamén prohibido ao titular da autorización:

- a. Interceptar en ningún momento os desaugues da estrada ou vía de servizo.
- a. Verter as augas residuais ás cunetas ou marxes da estrada ou vía de servizo.
- b. Depositar materiais ou refugallos na explanación, cunetas ou marxes da estrada ou vía de servizo.
- c. Realizar modificacións ou ampliacións do acceso sen autorización previa.

Artigo 102. Suspensión ou modificación de autorizacións

1. A administración titular da estrada poderá, en calquera momento, suspender ou modificar, temporal ou definitivamente, a autorización de accesos, esixindo a súa ampliación, mellora ou modificación, na forma que proceda e a cargo da súa persoa titular, nos casos seguintes:
 - a. Cando o acceso autorizado produza danos no dominio público viario, ou cando se impedise a utilización do dominio público viario para actividades de interese público.
 - b. Por incumprimento das condicións da autorización.
 - c. Por poñer en risco a seguridade viaria, polo incremento do tráfico no acceso ou na estrada, ou calquera outras circunstancias.
 - d. Cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento e, en particular, cando se teña modificado o uso ou as características do acceso.
 - e. Cando resultara incompatible coas normas aprobadas con posterioridade, ou cando así o esixise a ordenación dos accesos existentes.
10. O procedemento para modificar ou suspender a autorización de acceso iniciarase de oficio ou por instancia de parte, e será instruído pola administración titular da estrada.



En todo caso, antes de elevar a proposta de resolución, darase audiencia ás persoas interesadas co fin de que poidan formular cantas alegacións conveñan aos seus dereitos.

11. A suspensión ou modificación das autorizacións outorgadas non dará lugar a indemnización, por constituír unha manifestación da potestade de delimitación e ordenación do dominio público viario.

Artigo 103. Infraccións e sancións

A execución de novos accesos ou de obras nos accesos existentes, sen autorización da administración titular da estrada ou vía de servizo ou incumprindo as condicións da autorización outorgada, constitúe unha infracción das tipificadas no artigo 61 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, e dará lugar á instrución do correspondente expediente de sanción.

Sen prexuízo da sanción que se impoña, as persoas responsables teñen a obriga de reparar os danos provocados ao dominio público viario, de indemnizar polos danos non reparables e as perdas causadas pola infracción e de proceder a restituír e repoñer as cousas ao seu estado anterior.

Capítulo V. Proxectos de accesos

Artigo 104. Contido do proxecto

1. Cando sexa precisa a súa presentación, o proxecto detallará as condicións de deseño da obra e a súa incidencia sobre os diferentes aspectos aos que lle afecte, que deberán estar suficientemente analizados e satisfactoriamente resoltos, comprenderá os estudos, planos e documentos necesarios para a completa e precisa definición das actuacións a executar, en relación coa estrada, e recollerá especialmente a ordenación da zona comprendida entre a estrada e liña límite de edificación, así como as medidas a adoptar para resolver a drenaxe da estrada e para evitar as molestias e perigos que a actuación puidese ocasionar á explotación da estrada, segundo a normativa aplicable e de forma completa e suficiente.
2. O proxecto do acceso, asinado por técnico competente para a redacción de proxectos de estradas, incluírá o estudo do tráfico, o trazado, a sinalización, o firme, a drenaxe, a iluminación e a ornamentación e analizará tamén as características da estrada ou vía de servizo á que se pretende acceder, tales como o trazado en planta, alzado e sección tipo, a visibilidade dispoñible, a sinalización e a existencia doutros accesos ou vías de servizo nun ámbito de, cando menos, cincocentos metros (500 m) antes e despois do punto onde se pretende executar o acceso.

Sinalizaranse expresamente as liñas definidoras das zonas de dominio público, servidume e afección, así como a liña límite de edificación e cantos aspectos sexan necesarios, no seu caso, para a correcta localización e definición da actuación que se pretende realizar con respecto á estrada ou vía de servizo.



3. O órgano que instrúa o expediente poderá requirir que se amplíe ou complete o proxecto nos aspectos en que o considere insuficiente, de xeito que non afecten nin prexudiquen á estrada ou a terceiros.

Artigo 105. Actuacións previstas

Os proxectos de accesos deberán ter en conta os plans e proxectos para a construción, ampliación ou modificación de estradas ou vías de servizo aprobados, cando menos a nivel de proxecto de trazado, polo organismo titular da estrada, na zona onde se pretende construír o acceso.

Artigo 106. Documentos do proxecto de acceso

Polo xeral, o proxecto do acceso solicitado deberá incluír os seguintes documentos:

- a. Memoria descritiva e xustificativa e cos anexos necesarios, que deberá conter os seguintes aspectos:
- i. Definición das características da obra.
 - ii. Indicación do uso ao que se destinará o acceso.
 - iii. Estudo de tráfico que recolla a repercusión na rede da actuación que se pretende promover.
 - iv. Xustificación do cumprimento desta Orde, en especial no referente á tipoloxía deseñada para o acceso e o cumprimento das dimensións, distancias de seguridade e visibilidades esixidas.
 - v. Programa de execución dos traballos, detallando as distintas fases de realización e o prazo destes.
- b. Planos que, como mínimo, serán os seguintes:
- i. Situación, a escala conveniente (preferentemente entre 1:50.000 ou 1:25.000), identificando as estradas e vías de servizo afectadas.
 - ii. Planta, con escala mínima 1:1.000, acotando as lonxitudes e anchos característicos dos elementos deseñados como parte do acceso (carrís e de cambio de velocidade, carrís centrais de espera,...).
 - iii. Perfís lonxitudinais e transversais cada vinte metros (20 m), a escalas axeitadas, con indicación das cotas e peraltes con que se deseña o acceso.
 - iv. Seccións tipo, a escala mínima 1:100, debidamente acotadas, definindo as reposicións de firmes e a drenaxe superficial das augas de escorrega.
- c. Prego de Prescricións Técnicas.
- d. Presuposto.



Capítulo VI. Consultas previas e informes sobre planeamento urbanístico

Artigo 107. Consulta previa sobre viabilidade de autorizacións

4. Con carácter previo á solicitude de autorización, as persoas interesadas poderán consultar á administración titular da estrada sobre a viabilidade da actuación pretendida, así como obter información e orientación sobre os requisitos técnicos e xurídicos que as disposicións vixentes lle impongan.
5. Para esta consulta previa, cuxa natureza debe ser expresamente indicada na solicitude presentada pola persoa interesada, non será necesaria a presentación do proxecto, bastando unha descrición e representación gráfica suficientemente precisas da actuación que se pretende realizar, e os datos necesarios para a súa correcta localización, así como os datos requiridos de xeito xenérico para as solicitudes de iniciación a instancia de parte na lexislación en materia de procedemento administrativo.
6. Os informes derivados de consultas previas teñen unha validez dun (1) ano, sempre e cando non se modifiquen as condicións da estrada pola aprobación ou modificación do Plan Director de Estradas de Galicia, do plan sectorial de estradas da administración titular ou dun estudo ou proxecto específico, circunstancias, todas elas, que o deixarán sen efecto.

Artigo 108. Informes sobre accesos en planeamento urbanístico

Os informes relativos á redacción, revisión ou modificación dun instrumento de planeamento urbanístico, aos que se refire o artigo 23.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, axustaranse ao previsto no Capítulo II do Título III desta Orde, no que respecta aos accesos previstos de novas actuacións urbanísticas, vías urbanas ou camiños públicos.

Nos solos clasificados como de núcleo rural que non presenten frontes consolidados cara ás estradas, requirirase a planificación de vías ou camiños de servizo que concentren os accesos novos e os existentes ou a supeditación do outorgamento de licencias urbanísticas á aprobación previa dun plan especial de ordenación do núcleo rural no que se planifiquen aquelas.

Disposicións transitorias

Disposición transitoria primeira. Autorizacións vixentes

As autorizacións de accesos vixentes seguirán a ser válidas, rexéndose polos condicionantes específicos que tivesen sido impostos xunto coa autorización outorgada e coa lexislación e normativa vixente á data da autorización, ata que non sexa instruído e resolto un expediente de modificación desta en base ao previsto no artigo 102 desta Orde.



Disposición transitoria segunda. Procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Orde

Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Orde poderán adaptarse integramente ao disposto na presente Orde ou ben continuar a súa tramitación segundo o disposto na normativa anterior.

Disposición derogatoria

Disposición derogatoria única. Cláusula derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou menor rango que se opoñan ao establecido nesta Orde.

Disposición final

Disposición final única. Entrada en vigor


Esta Orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de 2017

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Anexo I: Esquema resume da estrutura da Orde



Anexo II: Táboas resume de visibilidades de parada e de cruce

Velocidade (km/h)	Distancia de												
	In _i												
	-7	-6	-5	-4	-3	-2							
40	40	39	39	38	38	38							
50	57	56	55	54	54	53							
60	78	76	75	74	73	72							
70	103	101	99	97	95	94							
80	133	130	127	125	122	120							
90	170	165	161	158	154	150							
100	213	207	201	196	191	185							

Velocidade (km/h)	Distancia de cruce (m)								
	Tipo de vehículo								
	Lixeiro			Rixido					
	Nº carrís			Nº carrís					
	1	2	3	1	2	3			
40	66	72	78	97	104	111	1		
50	83	91	97	121	130	139	1		
60	99	109	117	145	156	167	1		
70	116	127	136	169	182	194	2		
80	132	145	156	193	208	222	2		

Anexo III: Táboa resume da disposición dos accesos

Actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos								
Tráfico (veh/km)	>5.000	Cuña					Carril	
	3.001-5.000						Carril	
	≤3.000	Cuña*						
		<50	50	60	70	80	>80	
Velocidade (Km/h)								

* Excepto nos accesos de camiños públicos en vías de servizo con Vel ≤ 50 km/h e IMD ≤ 3.000 veh/día, nos que o deseño a seguir será o establecido nos artigos 52 e 53 desta Orde para o caso de acceso de predio agrícola (figuras 18 e 19).

Instalacións de servizo								
Tráfico (veh/km)	>5.000	Cuña					Carril	
	3.001-5.000						Carril	
	≤3.000	Deseño especial						
		<50	50	60	70	80	>80	
Velocidade (Km/h)								

Vivendas unifamiliares e predios agrícolas								
Deseño segundo esquema								
Hospitais, centros comerciais con superficie comercial ≥ 10.000 m ² , instalacións nas que se dispoñan máis de 500 prazas de aparcamento ou outras instalacións similares								
Afluencia continuada de grande cantidade de vehículos lixeiros ou pesados								
Carril								
Accesos de instalacións que deban ser empregados por transportes especiais ou de mercadorías perigosas								
Carril								
Centros de saúde, tanatorios, centros comerciais con superficie comercial < 10.000 m ² , supermercados, centros educativos ou empresas con >200 traballadores, instalacións con > 100 prazas de aparcamento ou similares								
Afluencia esporádica de grande cantidade de vehículos lixeiros ou continuada dunha cantidade significativa de vehículos pesados								
Tráfico (veh/km)	>5.000	Cuña					Carril	
	3.001-5.000						Carril	
	≤3.000	Deseño específico						
		<50	50	60	70	80	>80	
Velocidade (Km/h)								

Edificios residenciais ou pequenos establecementos comerciais ou empresariais								
Tráfico (veh/km)	>5.000	Deseño específico					Cuña	
	3.001-5.000						Carril	
	≤3.000	Deseño específico						
		<50	50	60	70	80	>80	
Velocidade (Km/h)								

Resto de accesos a outras propiedades								
Tráfico (veh/km)	>5.000	Cuña					Carril	
	3.001-5.000						Carril	
	≤3.000	Deseño específico						
		<50	50	60	70	80	>80	
Velocidade (Km/h)								

Os accesos a actuacións urbanísticas, vías urbanas, camiños públicos, instalacións de servizo e a outras propiedades poderanse realizar a través dunha glorieta sempre que queden garantidos os condicionantes xeométricos da nova conexión na glorieta e as condicións óptimas de circulación e de seguridade viaria. A Administración titular da estrada indicará o procedemento para establecer estes condicionantes

Anexo IV: Táboas resume das dimensións dos elementos dos accesos

Velocidade* (km/h)	Lonxitude do carril de :													
	Inclinació													
	≤-7	-6	-5	-4	-3	-2	-1							
100	110	115	120	125	130	135	140							
90	80	85	85	90	95	95	100							
80	60	60	60	65	65	70	70							
70	40	40	40	45	45	45	45							
60	30	30	30	30	30	30	30							
≤50	30	30	30	30	30	30	30							

* Empregarase a velocidade legal de circulación na secc

Lonxitude da cuña triangular de transición		
Velocidade* (km/h)	Deceleración	
≥80	60	
70	50	
60	40	
≤50	30	

* Empregarase a velocidade legal de circulación na secc
sitúe o acceso

Lonxitude mínima das cuñas de cambio de velocidade (m)			
Velocidade* (km/h)	Tráfico (veh./día)	Deceleración	Aceleración
≥80	-	60	60
70	-	50	30
60		40	30
≤50	>5.000	30	30
	≤5.000	30	0

* Empregarase a velocidade legal de circulación na sección na que se sitúe o acceso

**Anexo V: Táboa resume das distancias de seguridade
entre accesos, en treitos non urbanos**

Tipo		Condições		Acceso a estradas convencionais en treitos non urbanos						
				Tipo de acceso						
				Actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos			Instalacións de servizos e outras propiedades			Vivendas unifamiliares e predios agrícolas
				Con carril ou cuña de Lonx \geq 30 m		Con carril ou cuña de Lonx $<$ 30 m	Con carril ou cuña de Lonx \geq 30 m		Con carril ou cuña de Lonx $<$ 30 m	
Conexións con vías de servizo ou con outras estradas mediante enlaces ou interseccións										
Entrada - Saída	Distancia	200 m	-	200 m	-	-	-			
	En caso contrario	Vía servizo/Trenzado	-	Vía servizo/Trenzado	-	-	-			
Saída - Saída	Distancia	50 m	-	50 m	-	-	-			
	En caso contrario	Vía servizo/Trenzado	-	Vía servizo/Trenzado	-	-	-			
Entrada - Entrada	Distancia	100 m	-	100 m	-	-	-			
	En caso contrario	Vía servizo/Trenzado	-	Vía servizo/Trenzado	-	-	-			
Accesos a actuacións urbanísticas, vías urbanas, camiños públicos, instalacións de servizo e outras propiedades con carril ou cuña de Lonx \geq 30 metros										
Entrada - Saída	Distancia	200 m	-	200 m	-	-	-			
	En caso contrario	Vía servizo/Trenzado	-	Vía servizo/Trenzado	-	-	-			
Saída - Saída	Distancia	50 m	-	50 m	-	-	-			
	En caso contrario	Vía servizo/Trenzado	-	Vía servizo/Trenzado	-	-	-			
Entrada - Entrada	Distancia	100 m	-	100 m	-	-	-			
	En caso contrario	Vía servizo/Trenzado	-	Vía servizo/Trenzado	-	-	-			
Obras especiais (túneles, obras de paso de L>100 m, confluencias, bifurcacións e leitos de freado)										
Obras especiais	Distancia	200 m	50 m	200 m	50 m	50 m	50 m			

Tipo		Condicions		Acceso a vías de servizo en treitos non urbanos						
				Tipo de acceso						
				Actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos			Instalacións de servizos e outras propiedades			Vivendas unifamiliares e predios agrícolas
				Con carril ou cuña de Lonx \geq 30 m		Con carril ou cuña de Lonx < 30 m	Con carril ou cuña de Lonx \geq 30 m		Con carril ou cuña de Lonx < 30 m	
Conexións con vías de servizo ou con outras estradas mediante enlaces ou interseccións										
Entrada - Saída	Distancia	50 m	-	50 m	-	-	-			
	En caso contrario	Carril común	-	Carril común	-	-	-			
Entrada - Entrada	Distancia	25 m	-	25 m	-	-	-			
	En caso contrario	Carril común	-	Carril común	-	-	-			
Accesos a actuacións urbanísticas, vías urbanas, camiños públicos, instalacións de servizo e outras propiedades con carril ou cuña de Lonx \geq 30 m										
Entrada - Saída	Distancia	50 m	-	50 m	-	-	-			
	En caso contrario	Carril común	-	Carril común	-	-	-			
Entrada - Entrada	Distancia	25 m	-	25 m	-	-	-			
	En caso contrario	Carril común	-	Carril común	-	-	-			
Obras especiais (túneles, obras de paso de Lonx > 100 m, confluencias, bifurcacións e leitos de freado)										
Obras especiais	Distancia	50 m	50 m	50 m	50 m	50 m	50 m			

Figura 1: Carril de aceleración




Figura 2: Carril de deceleración




Figura 3: Cuñas de cambio de velocidad




Figura 4: Carril central de espera




Figura 5: Distancias de seguridade con conexións ou accesos en estradas convencionais, en treitos non urbanos




Figura 6: Distancias de seguridade con obras especiais en estradas convencionais (I)




Figura 7: Distancias de seguridad con obras especiales en estradas convencionales (II)




Figura 8: Distancias de seguridade con conexións e outros accesos en vías de servizo, en treitos non urbanos




Figura 9: Distancias de seguridade con obras especiais en vías de servizo (I)




Figura 10: Distancias de seguridade con obras especiais en vías de servizo (II)





Figura 11: Limitacións pola presenza de pasos de peóns ou semáforos

LIMITACIÓN POLA PRESENZA DE PASOS DE PEÓNOS OU SEMÁFOROS:
ENTRADA DE ACCESOS A ACTUACIÓN URBANÍSTICAS, VÍAS URBANAS E CAMIÑOS PÚBLICOS OU A INSTALACIÓN DE SERVIZO QUE ESIXAN CARRÍS OU CUÑAS DE CAMBIO DE VELOCIDADE



ENTRADA DE ACCESOS A INSTALACIÓN DE SERVIZO QUE NON ESIXAN CARRÍS OU CUÑAS DE CAMBIO DE VELOCIDADE




Figura 12: Acceso a instalación de servicio con carrís de cambio de velocidade




Figura 13: Acceso a instalación de servicio con cuñas de cambio de velocidad




Figura 14: Acceso a instalación de servicio sin carrís nin cuñas de cambio de velocidad




Figura 15: Radio de xiro en accesos a instalacións de servizo con xiro á esquerda






Figura 16: Acceso a viviendas unifamiliares mediante cuneta rebasable



RECOMENDABLE 1V:8H

Figura 17: Acceso a viviendas unifamiliares mediante conducción




Figura 18: Acceso a predios agrícolas mediante cuneta rebasable





Figura 19: Acceso a predios agrícolas mediante conducción






Figura 20: Acceso a otras propiedades mediante cuneta rebasable



RECOMENDABLE 1V:8H

Figura 21: Acceso a otras propiedades mediante conducción





Figura 22: Seccións tipo das vías de servizo


VÍAS DE SERVICIO BIDIRECCIONAIS SEN APARCADOIRO




VÍAS DE SERVICIO BIDIRECCIONAIS CON APARCADOIRO



VÍAS DE SERVICIO UNIDIRECCIONAIS SEN APARCADOIRO



VÍAS DE SERVICIO UNIDIRECCIONAIS CON APARCADOIRO



VÍAS DE SERVICIO PARA TRÁFICO AGRÍCOLA

